

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de xuño de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día cinco de xuño de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(672).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 19 de maio, ordinarai e dúas extraordinarias e urxentes do 22 de maio, e extraordinaria e urxente do 27 de maio de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(673).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DE FOMENTO, COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA MUSICAL NO ANO 2015 E O CENTENARIO DA SOCIEDADE. EXPTE. 12857/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.05.15, o informe de fiscalizaicón do 29.05.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 7.05.15, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

*1º.- Con data 4 de marzo de 2015 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito do Vicepresidente da Sociedad Filarmónica de Vigo en solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvimento da súa actividade.*

*2º.- No dito escrito faise constar que a Sociedad Filarmónica de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en 1915 e dedicada, desde entón, a fomentar o coñecemento e difusión da mellor música entre toda a sociedade viguesa; que este ano cumpre o seu centenario en 2015, nos case 100 anos da súa traxectoria ten intentado e conseguido atraer a Vigo aos mellores intérpretes, incorporando a súa oferta musical, cun un criterio ecléctico, non so a música "clásica", no seu máis amplo sentido, senón tamén a sinfónica moderna, o jazz ou a música criolla, descubriendo así para o gran público da cidade o nunca suficientemente coñecido tesouro da música; que neste cometido, e mediante novos acordos, esta oferta musical foise ampliando con concertos de gran orquesta; e, en fin, que a solicitante ven facilitando o acceso aos concertos que oferta dos alumnos dos conservatorios y escolas de música da cidade, como contribución as novas xeracións de futuros intérpretes.*

*3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:*

- *Memoria das actividades realizadas e a realizar.*
- *Orzamento de gasto e de ingresos.*
- *Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
  
- *Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *CIF sociedade.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.*

*4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor da Sociedad Filarmónica de Vigo, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04, a cantidade de 18.000 euros.*

*5º.- Con estes antecedentes o servizo técnico da Alcaldía procedeu a redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

*Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Sociedade Filarmónica de Vigo para o desenvolvemento da súa actividade de fomento coñecemento e difusión da música "clásica", así como da sinfónica moderna, do jazz e da música criolla entre a sociedade viguesa, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria"; que "2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local"; que "En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación" e, por último, que "3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista".*

*Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é, no caso que nos ocupa, o fomento da cultura.*

*Tercera.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*Cuarta.- A actividade de fomento, coñecemento e difusión musical que desenvolve a Sociedade Filarmónica de Vigo é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuír, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor desta asociación, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04, a cantidade de 18.000 euros.*

*Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.*

*Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvencións establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007*

*LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.*

*Sétimo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.*

*Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

- 1. Autorizar o gasto por importe de 18.000 euros, a favor da Sociedade Filarmónica de Vigo, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04 "Sociedade Filarmónica de Vigo", en concepto de subvención a actividade desta asociación no ano 2015. A entrega da subvención á Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase en dous pagos, por importe cada un de nove mil euros (9.000 euros), contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes as actividades realizadas no primeiro e no segundo semestre, respectivamente, do ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados. A presentación da memoria xustificativa e xustificantes de pago correspondentes as actividades realizadas no segundo semestre ata a data da presentación da memoria e xustificación deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2015".*
- 2. "Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Sociedade Filarmónica de Vigo, que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadjuvar á execución do programa de concertos realizados e por realizar na cidade pola asociación solicitante no ano 2015, e asemade os actos de celebración do centenario da sociedade; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.*

### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.**

**CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SOCIEDADE FILARMONICA DE VIGO QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DE FOMENTO, COÑOCEMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA MUSICAL NO ANO 2015, E A CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA SOCIEDADE.**

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil quince.*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, don Avelino San Luis Costas, como presidente da entidade Sociedad Filarmónica de Vigo, CIF nº G-36652881 e enderezo social na rúa Camelias 52, baixo, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12857-101.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

## MANIFESTAN

*I.- Que a Sociedade Filarmónica de Vigo e unha entidade se ánimo de lucro, con case que un século de existencia, que se adica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor música entre a sociedade viguesa, mediante a programación de Concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social*

*II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da Sociedad Filarmónica de Vigo, coma medio que é de promover a música na Cidade, e asemade a celebración dos actos conmemorativos do centenario da sociedade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04, como subvención nominativa, a favor da Sociedad Filarmónica de Vigo, a cantidade de 18.000 euros.*

*IV.- Que a Sociedade Filarmónica de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo máis arriba citado.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes*

## PACTOS

*Primeiro.- A Sociedad Filarmónica de Vigo comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de concertos para o ano 2015, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 12857/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades e concertos previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outro, e asemade os actos conmemorativos do centenario.*

*A Sociedad Filarmónica de Vigo comprométese igualmente a colaborar co Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión da música e da cultura musical, e concretamente a:*

*1º. Poñer a disposición do Concello de Vigo a súa experiencia e infraestrutura en todas aquelas actividades que constitúen o obxecto propio da Sociedade Filarmónica de Vigo.*

*2º. Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas musicais desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da Sociedad Filarmónica de Vigo.*

*3º. Facilitar gratuitamente a entrada aos concertos que organice a Sociedad Filarmónica de Vigo do alumnado dos conservatorios e escolas de música de Vigo.*

*4º. Achegar gratuitamente ao Concello de Vigo cincuenta entradas para todos e cada un dos concertos e actividades que realice.*

5º. *Enviar a todos los conservatorios e escolas de música de Vigo exemplares do libro “Cen anos de música”, editado pola sociedade.*

6º *Facilitar a todos os conservatorios e escolas de música exemplares do c.d conmemorativo de música do compositor galego Marcial del Adalid, editado por esta sociedade.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- *Colaborar coa Sociedad Filarmónica de Vigo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos musicais na cidade de Vigo.*

2º.- *Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Sociedad Filarmónica de Vigo (revista, web, etc).*

3º.- *Conceder á Sociedad Filarmónica de Vigo unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04 “Sociedade Filarmónica de Vigo” mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación musical, e celebración do centenario no ano 2015.*

*A entrega da subvención á Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase en dous pagos, por importe cada un de nove mil euros (9.000 euros), contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes as actividades realizadas no primeiro e no segundo semestre, respectivamente, asemade os gastos de celebración do centenario, do ano 2015, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados. A presentación da memoria xustificativa e xustificantes de pago correspondentes as actividades realizadas no segundo semestre ata a data da presentación da memoria e xustificación deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2015.*

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2015.

A Sociedade Filarmónica de Vigo achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2015", deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que

deberán recoller o número de CIF, a data, onúmero de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2015.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.



*A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2015.*

### **3(674).- REVISIÓN DE PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO-ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 106560/301.**

Visto o informe xurídico do 22.05.15 e o informe de fiscalización do 29.05.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 21.05.15, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 27 de setembro de 2013,, aprobou a adxudicación a CLECE,S.A. do procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas (expte. 1850-315) por un prezo total de 1.298.860,58 euros, IVE engadido.*

*O apartado 3.i das Follas de Especificacións do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares, establece a procedencia da revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, recollera o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adjudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que termite o dito prazo de tres meses se a adjudicación se produce con posterioridade.*

*A data da finalización do prazo para presentación de proposicións rematou o día 8 de xuño de 2013, segundo certificación de data .dez de xuño de 2013 que se achega.*

*O contrato formalizouse con data 24 de outubro de 2013.*

*Á vista do anterior e tendo en conta que, entre a data de finalización do prazo de presentación de ofertas (08/06/2013) e a data de de adxudicación do contrato (27/09/2013) transcurriron*

mais de tres meses, o período para calcular a revisión do IPC e o que media entre setembro/2013-outubro/2014.

O índice de prezos do consumo no período setembro/2013-outubro/2014, experimentou unha variación de 0,3% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como se determina nas bases, o incremento recollerá o 50% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto, a efectos do cálculo no 0,15% sobre a cantidade a actualizar (649.430,29euros). que ascende a 974,15 euros.

O contrato para o período novembro/2014-outubro/2015 pasa a ter un importe de 650.404,44 euros.

Autorizar o pago en concepto de atrasos correspondentes ao período novembro/2014-maio/2015 por importe de 568,25 euros .

O contrato unha vez aprobada a revisión de prezos pasa a ter un coste mensual de 54.200,37 euros.

Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*Primeiro: Aprobar a actualización do prezo do contrato do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, adxudicado a CLECE,S.A., NIF A80364243, derivada da revisión de prezos e por un importe de 974,15 euros, correspondente ao 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período setembro 2013-outubro 2014, que se contabilizará na partida 3112.2279901 "Dispensa trat. opiáceos síndrome de abstinencia", todo elo en execución do prego de cláusulas que rexen o contrato.*

O contrato para o período novembro/2014-outubro/2015 pasa a ter un importe de 650.404,44 euros. O importe total de cada factura mensual, unha vez aprobada a revisión de prezos, pasa a ser de 54.200,37 euros.

*Segundo: Autorizar o pago en concepto de atrasos correspondentes ao período novembro/2014-maio/2015 por importe de 568,25 euros*

*Terceiro: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(675).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE PERSOAS DATAS DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE OS MESES DE FEBREIRO, MARZO E ABRIL DE 2015. EXPTE. 89458/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12.02.15 da xefa do servizo de Política de Benestar conformado pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

*Por medio do presente escrito, a Xefa de servizo de Política de Benestar da conta á Xunta de Goberno Local da relación de persoas dadas de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2015 que son as seguintes:*

*febreiro 2015*

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
22/2245	CLAUDINA JOSEFA FERNANDEZ DOVAL	03/02/15
12/620	ROSA LORENZO PASCUAL	03/02/15
14/3293	PILAR PEDREIRA BUJAS	03/02/15
15/1034	JUAN FERNANDEZ NOVO	04/02/15
15/3341	NIEVES REY VILLAR	04/02/15
05/3065	CELESTE FERREIRA LORENZO	04/02/15
01/511	CARMEN COMESAÑA VILA	06/02/15
11/408	ROSA DAPONTE LAGO	10/02/15
11/237	EDUARDO CAMESELLE VILLA	10/02/15
04/624	CARMEN NUÑEZ RODRIGUEZ	11/02/15
06/3041	MARIA NAVARRO MARIN	11/02/15
21/3309	FLORENTINO CID FERNANDEZ	13/02/15
05/2896	M. SOLEDAD RODRIGUEZ ALEGRETE	13/02/15
22/1918	PILAR ENRIQUE SANJURJO	16/02/15
15/3725	SERVANDO LOPO PEREZ	20/02/15
11/3202	FERNANDO RUIZ PASCUAL	24/02/15
06/2563	ELISA DOPAZO PALMOU	27/02/15

*marzo 2015*

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
21/1967	JOSEFINA VIÑAS GONZALEZ	02/03/15
14/282	JOSEFA PRUDENCIA GONZALEZ RGUEZ	10/03/15
15/3650	DOLORES GONZALEZ GONZALEZ	11/03/15
06/2741	DOLORES MONTENEGRO FERNANDEZ	11/03/15
25/2238	JOSE ALBERTO GALLEGU GARCIA	12/03/15
02/2720	VICTORIA SOBRIDO RIVAS	12/03/15
14/3320	JOSE MANUEL RIVAS BARROS	12/03/15
14/2949	ABY DIOP	16/03/15
04/1283	TEODOSIO VILAR VILAR	19/03/15

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**5(676).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2015. EXPTE. 110411/301.**

Mediante escrito do 27.05.15, en cumprimento da base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Política de Benestar durante os meses de marzo-abril de 2015, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2015

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
01/04/15	REPARACION E MANTEMENTO MOBILIARIO	2150000	201500022332	2.000,00	VIARIOS
27/04/15	REPARACION E MANTEMENTO MOBILIARIO	2150000	201500025272	2.000,00	VIARIOS
22/04/15	IMPRESIÓN, MANIPULACION DE TRIPTICOS BECAS	2260200	201500023873	2.646,08	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.
06/03/15	EMISION TARXETAS PREPAGO BONOTAXI	2279900	201500014845	2.400,00	ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A.
09/03/15	32 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500016026	9.600,00	ASOC. ALBORADA
09/03/15	5 CHARLAS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500016027	625,00	ASOC. ALBORADA
09/03/15	19 CHARLAS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500016028	2.375,00	ASOC. ÉRGUETE
13/03/15	16 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500017548	4.750,00	ASOC. ÉRGUETE
13/03/15	30 OBRADOIROS DE PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500017549	8.850,00	ASOC. ÉRGUETE
13/03/15	2 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500017550	600,00	ASOC. ALBORADA
17/03/15	PROGRAMA CINE E SAUDE	2279906	201500018919	21.766,69	INNOVACION Y DESARROLLO SOCIAL, S.L.
24/03/15	6 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROGAS	2279906	201500018921	1.800,00	ASOC. AMAINA
24/03/15	2 PROGRAMAS DE FORMACION MEDIADORES	2279906	201500018922	1.800,00	ASOC. ERGUETE
26/03/15	PROGRAMA PREVENCIÓN "PE-NELOPE"	2279906	201500020180	1.875,00	ASOC. ÉRGUETE
06/04/15	3 PROGRAMAS DE PREVENCIÓN "ACTIVA"	2279906	201500022608	2.700,00	ASOC. ALBORADA
03/03/15	PROGRAMA AUTONOMIA PERSONAL "ME MUEVO"	2279909	201500014844	6.010,12	ASOC. DOWN VIGO
05/03/15	ACTIVIDADES INSERCIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDADE	2279909	201500015977	3.500,00	VIARIOS
13/03/15	PROXECTO SENSIBILIZACIÓN "IMPÓRTANOS!"	2279909	201500017764	16.000,00	JUAN FERNANDEZ DURAN
17/04/15	RESERVA 4 PRAZAS CENTRO REHABILIACIÓN PSICO-SOCIAL	2279909	201500023874	7.000,00	ASOC. DOA
01/04/15	ADQUISICIÓN MOBILIARIO DE OFICINA	6250000	201500020900	3.828,80	OFI-CENTER SUMINISTROS, S.L.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### 6(677).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) MERCEDES FERNANDEZ DÍAZ. EXPTE. 4915/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por MERCEDES FERNANDEZ DÍAZ no que se solicita a devolución da fianza de 2.990 euros, constituída para responder de dirección das obras de reforma do Mercado do Progreso, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a MERCEDES FERNANDEZ DÍAZ a fianza de 2.990 euros, constituída para responder de dirección das obras de reforma do Mercado do Progreso, xa que o contrato foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### B) JESÚS DAMIÁ RODRÍGUEZ. EXPTE. 4916/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por JESUS DAMIÁ RODRÍGUEZ, no que se solicita a devolución da fianza de 2.975 euros, constituída para responder da dirección das obras de reforma do Mercado do Progreso, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a JESÚS DAMIÁ RODRÍGUEZ a fianza de 2.975 euros, constituída para responder da dirección das obras de reforma do Mercado do Progreso xa que o contrato foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### C) ORESA S.L. EXPTE. 4962/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORESA, S.L., no que se solicita a devolución da fianza de 12.943,97 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Jesús Fernández, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORESA, S.L. a fianza de 12.943,97 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Jesús Fernández, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 29 de setembro de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### D) ORESA S.L. EXPTE. 4963/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORESA, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 1.141,25 euros, constituída para responder das obras de humanización e renovación do saneamento e abastecemento da rúa Eugenio Krapf (modificado), e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORESA, S.L. a fianza de 1.141,25 euros, constituída para responder das obras de humanización e renovación do saneamento e abastecemento da rúa Eugenio Krapf (modificado), xa que as obras foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### E) ORESA S.L. EXPTE. 4964/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORESA, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 6.931,04 euros, constituída para responder das obras de humanización e renovación do saneamento e abastecemento da rúa Eugenio Krapf, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORESA, S.L. a fianza de 6.931,04 euros, constituída para responder das obras de humanización e renovación do saneamento e abastecemento da rúa Eugenio Krapf, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 15 de abril de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### F) XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. EXPTE. 5218/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., no que se solicita a devolución da fianza de 5.424,57 euros, constituída para responder das obras do entorno da igrexa de Zamans, beirarrúas e servizos na estrada da igrexa, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. a fianza de 5.424,57 euros, constituída para responder das obras do entorno da igrexa de Zamans, beirarrúas e servizos na estrada da igrexa, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28 de xuño de 2010, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### G) XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. EXPTE. 5219/241.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., no que se solicita a devolución da fianza de 3.530,17 euros, constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na estrada de Marcosende-Zamans, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. a fianza de 3.530,17 euros, constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na estrada de Marcosende-Zamans, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28 de xuño de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### H) ALDASA S.L.U. EXPTE. 5243/241.

Visto o informe de fiscalización do 27.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 28.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ALDASA, S.L.U. no que se solicita a devolución da fianza de 13.365,22 euros, constituída para responder das obras de mellora do entramado viario das rúas Cruz Verde e Abeleira Menéndez, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ALDASA, S.L.U. a fianza de 13.365,22 euros, constituída para responder das obras de mellora do entramado viario das rúas Cruz Verde e Abeleira Menéndez, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

I) ALDASA S.L.U. EXPTE. 5244/241.

Visto o informe de fiscalización do 27.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 28.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ALDASA, S.L.U., no que se solicita a devolución da fianza de 15.231,45 euros, constituída para responder das obras de mellora do entramado viario da rúa Santiago, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ALDASA, S.L.U. a fianza de 15.231,45 euros, constituída para responder das obras de mellora do entramado viario da rúa Santiago, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

K) ALDASA S.L.U. EXPTE. 5245/241.

Visto o informe de fiscalización do 27.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 28.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ALDASA, S.L.U. no que se solicita a devolución da fianza de 36.303,08 euros, constituída para responder das obras de mellora do entramado viario das rúas Poboadores e San Francisco, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ALDASA, S.L.U. a fianza de 36.303,08 euros, constituída para responder das obras de mellora do entramado viario das rúas Poboadores e San Francisco, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3 de decembro de 2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

L) ORESA S.L. EXPTE. 2991/443.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:



*Examinado o expediente promovido por ORESA, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 29.755,86 euros, constituída para responder das obras de humanización do entorno do Calvario, Fase II, rúa Cristo, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORESA, S.L. a fianza de 29.755,86 euros, constituída para responder das obras de humanización do entorno do Calvario, Fase II, rúa Cristo, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 1 de maio de 2010 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

M) SERVICLEM S.L. EXPTE. 7713/307.

Visto o informe de fiscalización do 26.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por SERVICLEM, S.L., no que se solicita a devolución da fianza de 17.800 euros, constituída para responder da implantación de autobús eléctrico para o Casco Vello, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a SERVICLEM, S.L. a fianza de 17.800 euros, constituída para responder da implantación de autobús eléctrico para o Casco Vello, xa que o contrato foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(678).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O PRÉSTAMO TEMPORAL Á FUNDACIÓN LUIS SEOANE DA OBRA “MOZO CON FROITAS” PARA EXPOSICIÓN NO MARCO. EXPTE. 1208/341.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Museos, do 1.06.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.**

*No Servizo de Museos Municipais tense recibido un escrito da Fundación Luis Seoane, con data de saída 11 de maio de 2015, no que se informa da organización dunha exposición denominada “Luis Seoane. Retrato de esguello” que terá lugar no MARCO (Museo de Arte Contemporánea*

de Vigo) entre o 12 de xuño e o 4 de outubro do 2015 e para a que solicitan o préstamo temporal da seguinte obra:

- *Título: Mozo con froitas*
- *Artista: Luis Seoane*
- *Técnica: Óleo s/ lienzo*
- *Data: 1951*
- *Dimensións: 74x60 cm*
- *Valor a efecto de seguro: 15.025,30 €*
- *Período do préstamo: do 8 de xuño ao 14 de outubro de 2015.*

A Fundación Luis Seoane achega coa solicitude e o formulario de préstamo o relatorio de condicións técnicas (Facility Report) para exposicións no MARCO, no que se describen os datos do equipo de xestión, as características do edificio os sistemas de seguridade, as condicións das salas de exposicións e as características de manexo e conservación da obras.

Os detalles expostos no Facility Report acreditan que as salas reúnen as condicións adecuadas para acoller a obra solicitada en préstamo temporal e a entidade solicitante (Fundación Luis Seoane) ten acredita a súa capacidade de xestión e programación no ámbito das artes plásticas e concretamente na difusión da figura e da obra de Luis Seoane.

Para o Concello de Vigo tamén resulta de interese a participación de obras das súas coleccións en exposicións de centros de arte, como forma de salientar a súa importancia e de divulgar o patrimonio artístico municipal, concretamente o da colección de arte da "Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego".

#### **DISPOSICIÓN LEGAIS.**

*Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local  
Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*A lei 8/ 1885, do Patrimonio Cultural de Galicia establece sistemas de protección aplicables a museos e coleccións visitables, polo que a saída de fondos destes centros conleva a autorización previa da Consellería de Cultura. A colección de arte galega Francisco Fernández del Riego, non está incluída na relación de coleccións visitables definidas no art 68 e 69 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e polo tanto o préstamo temporal da obra de Maside non precisaría de autorización da Consellería de Cultura.*

*Polo exposto, coa conformidade do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.*

*1.- "Autorizar o préstamo temporal á Fundación Luis Seoane da seguinte obra con destino á exposición "Luis Seoane. Retrato de esguello" que terá lugar no MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) entre o 12 de xuño e o 4 de outubro do 2015:*

- *Título: Mozo con froitas*
- *Artista: Luis Seoane*
- *Técnica: Óleo s/ lienzo*
- *Data: 1951*
- *Dimensións: 74x60 cm*
- *Valor a efecto de seguro: 15.025,30 €*
- *Período do préstamo: do 8 de xuño ao 14 de outubro de 2015.*

2.- "O préstamo queda condicionado á aceptación escrita, por parte da Fundación Luis Seoane, como entidade promotora da exposición, das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(679).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS DURANTE O MES DE ABRIL DE 2015. EXPTE. 485/330.**

Mediante escrito de data 28.05.15, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de abril de 2015, que son os seguintes:

SERVIZO: Área de Cultura, Festas e Museos

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
417/330	26/02/15 (febreiro)	CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA E COORDINACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"	33402279900	15159	5.142,50 €	.Amador García Silva
456/330	15/04/15	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN XERAL DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"	33402279900	24993	15.000,00 €	Van Divulgación Cultural, S.L.
457/330	15/04/15	CONTRATACIÓN DO CONCERTO DA ORQUESTRA DE JAZZ DE GALICIA DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15".	33402260904	26194	19.118,00 €	Producción e Xestión Cultural, S.L.
458/330	15/04/15	CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE MARC RIBOT DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"	33402260904	26195	15.488,00 €	Sacaferro, S.L.
459/330	15/04/15	CONTRATACIÓN DE 3 CONCERTOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"	33402260904	26196	18.876,00 €	Solimusic Events, S.L.U.

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
460/330	15/04/15	CONTRATACIÓN DE 3 CONCERTOS NO SALÓN DE ACTOS DO MARCO DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"	33402260904	26197	5.384,50 €	Solimusic Events, S.-L.U.
465/330	15/04/15	CONTRATACIÓN DE TRES CONCERTOS NA RÚA LONDRES, DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'15"	33402260904	27577	5.596,25 €	Solimusic Events, S.-L.U.

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(680).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA II CARREIRA ESCOLAR CEIP SELLO 2015 O VINDEIRO 7 DE XUÑO. EXPTE. 14043/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, e o secretario da Admón. Municipal, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES:

A ANPA do CEIP SELLO con CIF (G-36731834), solicitou o día 17-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150045573), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: II CARREIRA ESCOLAR CEIP SELLO 2015
- Data: 7 de xuño de 2015
- Horario:
  - Inicio e fin evento: 10.00h a 14.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 7 de xuño de 2015, a proba comenará ás 10.00h e rematará ás 14.00h, a carreira descorrirá polas instalacións do colexio nas categorías máis pequenas, e o resto das categorías percorrerán pola rúa Sardomela cara a Santa Mariña..

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a ANPA DO CEIP SELLO CABRAL co CIF (G-36731834), a organizar o vindeiro domingo 7 de xuño de 2015, o evento deportivo denominado II CARREIRA ESCOLAR CEIP SELLO 2015, a carreira comezará ás 10.00h e rematará ás 14.00h, percorrendo a rúa Sardomela cara a Santa Mariña.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **10(681).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 21.05.15 POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DA RECOLLIDA DO LIXO DE VIVENDAS DO EXERCICIO 2015. EXPTE. 47061/513.**

Dáse conta do Decreto de data 21.05.15, polo que a concelleira delegada de Economía e Facenda, resolve o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de outubro de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2011 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)*

*De conformidade co Informe Proposta do Xefe do Servizo de Admón de Tributos, da Dirección de Ingresos e Informe da Intervención Xeral de data 15 de maio de 2015.*

### RESOLVO:

1. Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2015, por un importe total de 11.340.969,10.- Euros, (ONCE MILLÓNS TRESCENTOS COARENTA MIL, NOVECIENTOS SESENTA E NOVE EUROS, CON DEZ CÉNTIMOS), que consta de 143.579 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D<sup>a</sup> MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Admi-

nistrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(682).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 28.05.15 POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓN UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS DO EXERCICIO 2015. EXPTE. 47716/516.**

Dáse conta do Decreto de data 28.05.15, polo que a concelleira delegada de Economía e Facenda, resolve o seguinte:

#### *DECRETO*

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 outubro de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2011 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).*

*De conformidade co Informe-proposta da Dirección de Ingresos e Informe da Intervención Xeral de data 22 de maio de 2015,*

#### *RESOLVO:*

*1.- Aprobar o Padrón fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2015 (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 6.461.422,69 Euros (SEIS MILLÓNS CATROCENTOS SESENTA E UN MIL CATROCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON SESENTA E NOVE CENTIMOS), segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 35179 que figura a nome de JUAN COMESAÑA E HIJOS S.L. polo establecemento sito en CM ABADE (CORUXO) Nº 4 e remata coa inscrición nº 43268 que figura a nome de PEREZ CADILLA MONICA polo local sito en R/ ZARAGOZA nº 62 baixo D, cun total de 22.432 recibos e correspondendo a:*

<i>- Taxa de lixo comercial .....</i>	<i>4.956.589,20.- Euros</i>
<i>- Entrada vehículos .....</i>	<i>1.469.832,79. - Euros</i>
<i>- Reservas aparcamento .....</i>	<i>35.000,70.- Euros</i>

*2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"*

*3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**12(683).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS MUNICIPAIS DE XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINADAS FUNCIÓNS CATASTRAIS. EXPTE. 2174 /500.**

Dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 2.06.15, conformado pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2011 adxudicáronse sendos contratos de colaboración co Servizo de Xestión Catastral Delegada para realización de determinadas funcións catastrais e Administración Electrónica para apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados as empresas: Servicios de Colaboración Integral SCI, S.L. (lote A zona Este) e Longo Ansa y Asociados S.L., agora denominada Laya Gestión y Servicios, S.L. con idéntico CIF (lote B zona Oeste).*

*Segundo a cláusula 2.3 do Prego de Condicións Administrativas que rexía a contratación, así como a cláusula 7 da FEC a duración do contrato fixébase en tres anos. Así mesmo establecíase que podería ser obxecto de prórroga polo período de 3 anos prorrogables ano a ano por acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.*

*Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de maio citado o prezo total para cada un dos lotes era de 697.380 euros o que significaba un presuposto anual de ata 232.460 euros co IVE incluído, para cada anualidade e lote do contrato. Non obstante o anterior, as empresas adxudicatarias consideran suficiente para o cumprimento do obxecto do contrato durante o exercicio 2015 o importe de 220.000 euros en lugar dos 232.460 euros, mantendo inalterados os prezos unitarios, (achéganse sendos compromisos asinados polas empresas adxudicatarias)*

*Coa perspectiva da próxima finalización da anualidade da primeira prórroga do contrato que comezou a súa execución o 1 de xullo de 2011 (sinatura dos contratos con data 27 de xuño de 2011), esta Dirección de Ingresos estima necesario propoñer á Xunta de Goberno Local a segunda prórroga dos contratos subscritos coas empresas citadas por continuar sendo "imprescindibles" para o desenvolvemento da Xestión Catastral Delegada que ten asumida o Concello en virtude de Convenio de Colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro e o Concello de Vigo.*

*Ao mesmo tempo, segue resultando tamén imprescindible a colaboración co Servizo de Administración Electrónica incluída no obxecto do contrato respecto do desenvolvemento de LOCALGIS.*

*A vista do informe de fiscalización de data 22 de maio de 2015, esta Dirección de Ingresos formula á Xunta de Goberno Local a adopción de seguinte acordo:*

*1º) Autorizar a prórroga para o período comprendido entre 1 de xullo 2015 a 30 de xuño de 2016, do contrato para colaboración cos servizos de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica do Concello de Vigo apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados (Lote A zona Este do expediente 899/500) a empresa Servicios de Colaboración Integral SCI, S.L. adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2011, e todo isto de conformidade coa cláusula 2.3 do PCA e cláusula 7 da FEC*

*Mantéñense inalterados os prezos unitarios da oferta. Non obstante o importe da prórroga do contrato ascende á cantidade de 220.000€ (en lugar dos 232.460€ que figuran no contrato asina-*

do, por considerarse importe suficiente para o cumprimento do obxecto do contrato) imputándose no presuposto do presente exercicio 2015 na partida 93202279902 o importe de 103.770€ e os restantes 116.230€, na mesma partida do presuposto do ano 2016.

2º) Dar conta á Xunta de Goberno Local do cambio na denominación da empresa Longo Ansa y Asociados, S.L. pasando na actualidade a denominarse "LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L." , segundo escritura número 1.174, outorgada ante a notaría D<sup>a</sup> María Isabel Valdés-Solís Cecchini, de "elevación a públicos de acordos sociais", que se achega ao expediente, sen que o devandito cámbreo teña implicacións fiscais de ningún tipo, ao manterse o mesmo NIF, domicilio social, números de telefono e dirección de correo electrónico.

3º) Autorizar a prorroga para o período comprendido entre 1 de xullo de 2015 a 30 de xuño de 2016, do contrato para colaboración cos servizos de Xestión Catastral Delegada e Administración Electrónica do Concello de Vigo apoio no desenvolvemento de aplicativos, bases de datos e expedientes xeoreferenciados (Lote B zona Oeste do expediente 899/500) a empresa Laya Gestión y Servicios, S.L. (antes Longo y Ansa Asociados S.L.) con idéntico CIF, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2011, e todo isto de conformidade coa cláusula 2.3 do PCA e cláusula 7 da FEC

Mantéñense inalterados os prezos unitarios da oferta. Non obstante o importe da prorroga do contrato ascende á cantidade de 220.000€ (en lugar dos 232.460€ que figuran no contrato asinado, por considerarse importe suficiente para o cumprimento do obxecto do contrato) imputándose no presuposto do presente exercicio 2015 na partida 93202279902 o importe de 103.770€ e os restantes 116.230€, na mesma partida do presuposto do ano 2016.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(684).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015. EXPTE. 6989/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/05 e de fiscalización do 21/05, dáse conta do informe-proposta do 03/06/15, da técnico de xestión de Participación e Atención Cidadá conformado polo xefe do servizo, polo concelleiro-delegado de área e pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

#### **"ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 26/03/2015 D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Castro Antonio, en calidade de presidenta da entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF: G27771195), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades para o 2015, para axudar ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), entre os meses de xaneiro a outubro de 2015, cuxa contía ascende a 4.934,35 €.

Segundo certifica a Secretaria da entidade con data 19/03/2015 D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Castro Antonio, foi elixida presidenta da asociación na súa Asemblea Xeral de data 12/01/2013 á que, segundo o art. 28 dos seus estatutos lle corresponde representar á asociación ante calquera organismo



*público ou privado, ostentar a representación legal da asociación, así como, firmar convenio de colaboración ou análogos.*

*Con data de 08/05/2015, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.*

*Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 20/05/2015.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **1. NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS*
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local*
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990*
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)*
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955*
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)*
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.*
- Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993*

### **2. COMPETENCIA MUNICIPAL**

*A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.*

*En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución*

*constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.*

*A lei distingue tres tipos de competencias: as propias (artigos 7.2 e 25), as delegadas (7.3 e 26) e as distintas das anteriores que, segundo o artigo 7.4 só poderán exercerse cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda local e non se incorra nun suposto de execución do mesmo servizo simultaneamente con outra Administración Pública.*

*Ademais, a teor do disposto no art. 25.1 da LBRL, establece o recoñecemento dunha capacidade xenérica de actuar, tamén coñecida como cláusula de capacitación xeral, segundo a cal, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

*O citado precepto, enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.*

*E finalmente, a DT2ª da LBRL, sinala que en tanto non se dite a lexislación do Estado e das CCAA, conforme ao sinalado nos preceptos antes citados (art. 2 e 25), os municipios poderán exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente na data de entrada en vigor desta Lei.*

*A regulación das competencias municipais, polo tanto, queda diferida ao lexislador estatal ou autonómico.*

*Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento e/ou aluguer de diversas entidades (AA.VV. Curva San Gregorio, AAVV. Monte da Mina, Asociación Agarimo, Fundación Igual Arte...), e así, atopamos o seguinte antecedente mais inmediato de convenio suscrito coa mesma asociación en anos precedentes: expte. 6713-320 (ano 2014),*

Como xa se indicou, o art. 25 contén unha garantía institucional mínima, que non atribúe competencias directas nin constitúe un teito competencial e cuxa relación de materias, á vista do exposto, pode completarse por leis estatais e autonómicas de distinta natureza.

Si ben o devandito artigo non contempla a actividade de fomento como unha competencia propia municipal, existen ámbitos de actuación municipais que puideran resultar afectados polas actividades que, indirectamente, se intentan promocionar a través da subscripción deste convenio. En particular, as letras l) e m) do referido artigo, inclúen como materias nas que as EELL poden exercer competencias propias, a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” e a “promoción da cultura e equipamento culturais”, deste xeito, na memoria que achegan, figuran diversas actividades de carácter lúdico, de lecer, cultural, e de formación. Tamén no artigo 2 dos estatutos da entidade se inclúen, entre os seus fins, a defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.

Pola súa parte, a DA1ª da referida lei dispón que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da Lei 27/13, de RSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose por dita lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A Lei 7/1985 (LRBRL), na parte adicada a información e a participación cidadá, dispón, no seu artigo 72, que as Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a mas ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, no uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da corporación nos termos do número 2 do artigo 69. Neste mesmo sentido, o artigo 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, dispón que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. E, para a dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas.

A maior abundamento, o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), contempla como un dos tipos de actividade das Entidades Locais, a de fomento e dispón, no seu artigo 25, que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local. Na mesma liña se pronuncia o artigo 232.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal, os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

Tamén o Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992 e modificado por acordo de 31/03/1993, sinala, entre os seus obxectivos, “facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal”, “achegar a xestión municipal ao cidadá”, e “fomentar o asociacionismo cidadá” (artigo 2), establecendo que, nos presupostos se incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo (artigo 12)

### 3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención
- réxime xurídico aplicable
- beneficiarios e modalidade de axuda
- crédito orzamentario
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago

Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a "aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados".

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.16º da resolución da Alcaldía de data 29/07/2014, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou

actividade de interese público municipal. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.

#### 4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe expresamente a partida 9240 4890004 "Convenio Asociación Veciños Novo Vigo", cunha dotación de 5.160,00 €

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Veciños Novo Vigo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1163/12, segundo resolución do concelleiro delegado de Participación Cidadá de data 08/06/2012.

#### 5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de "que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...", "... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública", e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle o art. 2 dos Estatutos da Asociación de Vecinos Novo Vigo, entre os seus fins e obxectivos, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.

- ✓ *Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interese, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.*

*Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.*

*Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, “as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”.*

*Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, educativas, formativas, artísticas sanitarias, reivindicativas, etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico e da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.*

*Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter formativo, cultural, informativo, artístico, reivindicativo e de integración no ámbito sociocomunitario e veciñal, que redundan en beneficio da cidadanía.*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Vecinos Novo Vigo para subvencionar os gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para levar a cabo as actividades programadas pola entidade para o ano 2015, dirixidas a contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*

*Desta vontade común entre o Concello e a Asociación de Vecinos Novo Vigo nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

## **6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

*Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nominativa nº 9240 4890004, denominada “Asociación de Vecinos Novo Vigo”, cunha dotación orzamentaria de 5.165,00 €.*

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

Examinado o orzamento de gastos achegado pola entidade para o ano 2015, comprobouse que o gasto previsto pola Asociación de Vecinos Novo Vigo, en concepto de “aluguer local social”, entre os meses de xaneiro e outubro, que constitúe o obxecto do convenio, ascende a 4.938,50 €.

## 7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 10.1 denominado “Veciñais, consumo e usuarios sociocomunitarios: Asociacións de Veciños”, co número 1163/12, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan o exercicio dos dereitos contemplados no devandito regulamento, entre eles, a percepción de calquera subvención, á inscrición da interesada no RMA.

b) A Asociación de Vecinos Novo Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

2. Declaracións responsable da presidenta da asociación, de data 19/03/2015, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, de non ter solicitado nin percibido outras axudas para a mesma finalidade, así como, de non ser debedor, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social. Inclúe fundamentación, obxectivos e metas, descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes e asistentes, lugar de celebración, medios de difusión, información e publicidade, recursos humanos e materiais, así como sistema de avaliación:

- Nadal en Navia
- Entroido en Navia
- Confraternidades veciñais
- III Navia parque d'arte/para qued'arte
  - Día da danza
  - Día das letras galegas
  - III Edición do festival da primavera
  - III Concurso de Arte sobre RODas

- *Exhibicións e actuacións varias*
- *Premios á Igualdade María Dolores Martínez Cordero*
- *Mostra fin de curso Escola de Danza Essens*
- *Tarde en compañía*
- *Noite de San Xoan*
- *No verán...Un conto*
- *Escola de empoderamento*
- *Cursos*
- *Charlas*

2. *Certificado da secretaria da entidade, de data 19/03/15, co visto e prace da presidenta, segundo o cal, a xunta directiva, en sesión de 23/01/15, acordou solicitar o inicio do convenio de colaboración con esta concellería, para axudar ao financiamento dos gastos de aluguer do seu local social*

3. *Solicitude expresa da formalización do convenio da presidenta, de data 19/03/2015. Achégase fotocopia do seu DNI.*

4. *Fotocopia da resolución de inscrición da xunta directiva da asociación na Xunta de Galicia, na que se reflicte a composición deste órgano de goberno. Achégase fotocopia do seu DNI.*

5. *Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos*

6. *Proxecto de actividades a realizar durante o ano 2015, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos*

8. *Certificado do secretario da entidade, de 23/03/2015, sobre nº de socios: 403*

9. *Fotocopia do CIF da entidade*

10. *Fotocopia do contrato de arrendamento*

11. *Código conta cliente (CCC) nº 2080 5571 16 3040003517 de Abanca, emitida pola entidade bancaria o 20/01/2015*

12. *Autorización do representante legal da entidade, de data 19/03/2015, para que a Administración concedente poida solicitar directamente á AEAT, por medios telemáticos, o certificado de non ter débedas pendentes coa Administración Tributaria Estatal.*

*Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.*

## 8. ANTICIPO

*Non se contempla a posibilidade de anticipo.*

## 9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

*Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)*



*O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.*

*En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.*

## **10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO**

### **10.A PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN**

*De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.*

*Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.*

*A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.*

*A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*

4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

5. Actuacións realizadas.

6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- Respecto ao IRPF, no será gasto subvencionable para o traballador no caso de que este recibira a subvención. Agora ben, para a organización na que traballa o na que presta os seus servizos, o IRPF declarado e liquidado é tan subvencionable como calquera outro gasto de persoal. En efecto, o IRPF que unha asociación abona polos seus traballadores non é un tributo da asociación, senón un gasto de persoal da asociación e un tributo para o traballador, o cal, por ser parte do salario bruto, é retido pola asociación por mandato de facenda.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

j) Fotocopia dos seguros de responsabilidade civil.

## 10.B. FORMA DE PAGO

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5571 16 3040003517 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 20/01/2015, emitido pola entidade bancaria

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

## 11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## 12. SINATURA DO CONVENIO

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da "Asociación de Vecinos

Novo Vigo" (CIF- G-27771195), por D<sup>a</sup>. Ana María Castro Antonio (44445365-G), en calidade de presidenta.

### 13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

### 14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto anteriormente e do informe xurídico de data 08/05/2015 e informe de fiscalización económica de 20/05/2015, e de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.16º da Resolución de delegacións do Alcalde de data 29/07/2014, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890004, denominada "Asociación Vecinos Novo Vigo", incluída no vixente orzamento municipal de 2015, a favor da entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF- G-27771195), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo) , entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos)

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL SITUADO NA RÚA AS TEIXUGUEIRAS, Nº 11- PORTAL 6- OFICINA 9B, ENTRE OS MESES DE XANEIRO E OUTUBRO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince*

### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana María Castro Antonio, con DNI 44445365G, en calidade de Presidenta da Asociación de Vecinos Novo Vigo (CIF: G27771195), con domicilio fiscal na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6989/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### *MANIFESTAN*

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas,, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na

dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños, sendo a Asociación de Vecinos Novo Vigo unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade "Asociación de Vecinos Novo Vigo", entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interese, lles afecten individual ou colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución do concelleiro delegado da Área, de data 08/06/12, a Asociación de Vecinos Novo Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1163/12 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, veciñais e culturais, planificadas para o ano 2015, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- Que o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe a aplicación orzamentaria nº 9240.4890004, denominada "Asociación Veciños Novo Vigo".

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Vecinos Novo Vigo para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local

*social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:*

- *Nadal en Navia*
- *Entroido en Navia*
- *Confraternidades veciñais*
- *III Navia parque d'arte/para qued'arte*
- *Día da danza*
- *Día das letras galegas*
- *III Edición do festival da primavera*
- *III Concurso de Arte sobre Rodas*
- *Exhibicións e actuacións varias*
- *Premios á Igualdade María Dolores Martínez Cordero*
- *Mostra fin de curso Escola de Danza Essens*
- *Tarde en compañía*
- *Noite de San Xoan*
- *No verán...Un conto*
- *Escola de empoderamento*
- *Cursos*
- *Charlas*

*VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre xaneiro a outubro de 2015, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é de 4.938,50 €.*

*IX.- Que a entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.*

*X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*



## PACTOS

*Primeiro.- A entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Conceder directamente á entidade Asociación de Vecinos Novo Vigo unha subvención por importe de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo a aplicación orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada "Asociación Veciños Novo Vigo", do vixente orzamento municipal (2015), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de xaneiro a outubro, necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2015, en definitiva, para o fomento das mesmas.*
- 2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Vecinos Novo Vigo.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

- 1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*
- 2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

*Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

*Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2015.*

*Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Vecinos Novo Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitud de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- *os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- *os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- *daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- *en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- *se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5571 16 3040003517 (Abanca)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.*

*Polo Concello de Vigo:  
O Alcalde,  
Abel Caballero Álvarez*

*Pola Asociación de Vecinos Novo Vigo:  
A presidenta,  
Ana M<sup>a</sup> Castro Antonio*

## **14(685).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DA ONCE Á INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA AVDA. CAMELIAS 45 E VÍA NORTE ESQUINA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 19648/240.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 25.05.15, conformado pola xefa da Área de Tenencia e a concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

### **“NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

*L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*

*L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).*

*RDL 3/2011 de 14 Novembro, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRL-CSP).*

*RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

#### INFORME-PROPOSTA:

*PRIMEIRO.- A ONCE mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral o 7 de maio do 2015, manifesta que en data 16.2.2015 asinou a concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de diferentes quioscos na vía pública para a venda de produtos da ONCE, constando na relación dos quioscos autorizados un na Avda Camelias nº 45 e outro na Vía Norte esquina Urzaiz, que non é posible a instalación por razóns de rentabilidade, polo que renuncia conseguintemente aos mesmos, quedando o numero de unidades obxecto de concesión reducida a 32 quioscos .*

*SEGUNDO.- Pola Concellería de Fomento informase o pasado día 19 de maio que nas ubicacións referidas, non se atopa ningún quiosco, encontrándose o dominio publico no seu estado orixinal e as beirarrúas en perfecto estado de uso.*

*TERCEIRO.- No presente suposto, o solicitado pola concesionaria non da lugar á extinción da concesión administrativa que foille outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5.12.2014, senon unha modificación respecto ao número de quioscos cuxa instalación autoriza e que constan referenciados na clausula III do prego de clausulas administrativas e técnicas, vendose afectado o contido do seu obxecto no senso de reducirse o número de quioscos en dous (os correspondentes a Avda Camelias 45 e C/ Via Norte esq. C/ Urzaiz, números 7 e 19 respectivamente da relación da clausula III). Neste senso, non apreciase obxección algunha a súa aceptación, respondendo a un acto voluntario da entidade concesionaria de renuncia de dereitos que a concesión administrativa da que é titular lle concede, sen que se estime contraria o interés xeral o en perxucio de terceiros, mantendose a vixencia da concesión respecto os demais termos nos que otorgouse.*

*CUARTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:*

*“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia da ONCE á ocupación do dominio público municipal coa instalación duns quioscos na Avda Camelias 45 e C/ Vía Norte esq. C/ Urzaiz para a venda de produtos da ONCE, autorizado pola Xunta de Goberno Local o 5.12.2014 e, conseguintemente, modificar a Clausula III do Prego de Condicións aos únicos efectos de suprimir ditos quioscos da súa relación de autorizados (numeros 7 e 19 respectivamente), mantendose no demais os termos da concesión administrativa outorgada.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras, e Seguridade e Tráfico.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(686).- PROPOSTA PARA AUTORIZACIÓN DA HIPOTECA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE DOMINIO PÚBLICO SITA NA AVDA. DE SAMIL-ANTIGUO RESTAURANTE JOHATHAN. EXPTE. 19672/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 22/05/15, dáse conta do informe-proposta da xefe das áreas da Tenencia da Alcaldía, do 14.05.15, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES**

*Primeiro.-A Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de outubro de 2014 adoptou o seguinte acordo: “Adxudicar a UROGALLO CAPITAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da concesión administrativa do aproveitamento privativo do inmovible sito na avenida de Samil, antigo restaurante Jonathan (expediente 19672-240). O canon anual a pagar será de 40.000 euros, o prazo de concesional é de 25 anos e o compromiso de inversión mínima a realizar a prezos valordos polos servizos municipais é de 1.046.652,39 euros”. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*Segundo.- Con data 16 de outubro de 2014, asínase contrato de concesión administrativa de aproveitamento privativo do inmovible sito na Avenida de Samil, a través de documento administrativo autorizado polo Secretario de Administración Municipal, por delegación da titular do Órgano de apoio da Xunta de Goberno Local.*

*Terceiro.- Con data 1 de decembro de 2014 dase traslado por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da “Declaración Responsable” presentada pola concesionaria para a realización de Obras de Reparación, Mellora, Consolidación e Modernización en Construcións, Instalacións ou Edificacións localizadas na Zona de Servidume de Protección do Dominio Pública Marítimo Terrestre sen obxeccións ao respecto.*

*Esta declaración responsable sustitúe á autorización en servidume de protección de costas, esixible ata o 31 de maio do 2013, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 2/2013, do 30 de maio de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.*

*Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 27 de febreiro de 2015 acordou:*

*Primeiro.- Aprobar, segundo informes técnicos de data 20.02.15 o PROXECTO DE EXECUCIÓN presentado pola entidade mercantil Urogallo Capital S.L , DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DO EDIFICIO SITO NA AVDA. DE SAMIL, redactado polo arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, texto refundido de datas 18.02.15 e 19.02.15, cun presuposto de execución material de 1.121.357,26 euros, presuposto de contrata de 1.334.415,14 euros, presuposto de adxudicación con IVE1.614.642,32 euros, consistentes na adecuación do inmovible existente, sen alterar a súa ocupación nin volumetría, para uso de cafetería, bar, restaurante, resultando unha edificación composta de planta soto adicada a aseos, vestiarios, oficina da actividade, e locais técnicos tanta para actividade como instalacións, planta baixa con espazos para atención o público, aseos e instalacións, e planta de cuberta transitábel en parte y aseos.*

*O uso califícase segundo Decreto 292/2004, como “Actividade de restauración, local adicado a prestación de servizos de bebidas e comida elaborada para o seu consumo no interior de cafetería”, epígrafe 2.7 do citado catálogo.*

*A potencia total será:*



A) Para o exercicio da actividade.

a) Máquinas con motor: 5,11 C.V.

b) Outros receptores eléctricos: 23,33 kw.

B) Para servizos do local (ventilación / climatización, grupo PCI, ascensor, grupo bombeo).

a) Máquinas con motor: 66,43 C.V.

b) Outros receptores eléctricos: ningún kw.

C) Outras instalacións:

- Forno, freidora, cociña, placa radiante, fry-top: 47.289, 20.635, 36.971, 15.476, 18.055 kcal./h.

Segundo.- Aprobar o programa de traballos -que contempla un prazo de execución de 4 meses- e o Estudo de Seguridade e Saúde suscrito polo Coordinador de Seguridade e Saúde da obra, ambos presentados polo adxudicatario.

Terceiro.- Tomar razón da comunicación da composición da dirección facultativa designada pola empresa Urogallo Capital S.L., composta por:

- Director de Obra: D. Leopoldo Salceda Alvite
- Director de execución: D. Carlos Urdampilleta Barreiro
- Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Carlos Urdampilleta Barreiro

Cuarto.- Tomar razón da comunicación da empresa contratista das obras, Oreco S.A.

Quinto.- Nomear aos funcionarios municipais, D. Aurelio Adán Fernández (Enxeñeiro da Edificación) e D. Ángel González Pillado (Enxeñeiro Técnico Industrial) como responsables facultativos das obras e Dña. Marta M<sup>a</sup> Riobó Ibáñez (Técnica de Administración Xeral e Xefa da Área da que depende o Servizo de Patrimonio)- como responsable da concesión administrativa a efectos análogos ao responsable do contrato na normativa de contratación.

Sexto.- Requerir a Urogallo Capital S.L a que no prazo de 15 días realice a convocatoria prevista no artigo 21.c do PCAP para a comprobación do replanteo da obra.

Quinto.- En data 27 de febreiro de 2015 foi firmada acta de comprobación de replanteo e inicio das obras pola empresa concesionaria, empresa constructora e dirección de obra así como pola dirección facultativa municipal e a responsable da concesión.

Sexto.- En data 8 de xaneiro de 2015 solicítase pola concesionaria Urogallo Capital S.L autorización para a constitución de hipoteca sobre a concesión, requeríndoselle para informar sobre as condicións do préstamo a suscribir, sinalando importe e prazo e motivando a necesidade da súa concertación para a execución das obras vinculadas á concesión administrativa.

Septimo.- En data 12 de maio de 2015 aportase pola concesionaria Urogallo Capital S.L escrito motivando o destino da hipoteca así como nota simple do Rexistro da Propiedade e certificado da entidade financeira Banco Pastor coas condicións da hipoteca.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.-Normativa de aplicación

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, (LPAP)

- *RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, (TRLCSP)*
- *RD 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público no que non se opoña ao Real Decreto Lexislativo 3/20110*
- *RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local ,(TRRL)*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia*
- *Prego de Condicións (PCA) que rexe a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do dominio público municipal mediante a instalación e explotación dun servizo de restauración (restaurante e/ou café bar e/ou cafetería), da edificación sita na Avenida de Samil nesta cidade de Vigo (PCAP)*

## *II.- Fundamentos de dereito*

*A titularidade dunha concesión administrativa outorga ó concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercizo da actividade autorizada polo título concesional, polo que ostenta, respecto ás mesmas, os dereitos e obrigas do propietario, con suxeición ós límites fixados na LPAP e durante o prazo de validez da concesión (artigo 97 LPAP).*

*A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos (artigo 98.2 LPAP):*

- 1. So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.*
- 3. As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional.*

*Nesta liña, o PCAP na cláusula 23 que contempla os Dereitos e Deberes do Concesionario, no punto I establece "non hipotecar a concesión administrativa, sen autorización previa da Admnsitración".*

*Podemos concluir, á vista da lexislación aplicable, que non existe inconveniente para acceder ao solicitado, condicionádo ao cumprimento dos requisitos legais.*

## *III.- Características da Hipoteca a autorizar*

*Entidade Financieira: Banco Pastor S.A.*

*Importe: 1.000.000,00 euros*

*Duración: 10 anos*

*Destino: Financiar a realización das obras de carácter fixo sobre a dependencia demanial ocupada.*

#### IV.- Órgano competente

*A competencia para a adopción do acordo correspóndelle á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación (apartado 3 da Disposición Adicional segunda do TRLCSP).*

*Por todo o anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*Primeiro.- Autorizar a Urogallo Capital S.L., a constitución da hipoteca solicitada sobre a concesión administrativa de dominio público para a realización das obras de adecuación da edificación da que é titular condicionada ao cumprimento dos seguinte requisito:*

*“O dereito real so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización das obras de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada”*

*Segundo.- A concesionaria deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de constitución da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao outorgamento da devandita escritura pública.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(687).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DO ACOPIO DE MATERIAL DAS OBRAS ·MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES, ENGADINDO OS ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA ARGÜELLES. EXPTE. 7720/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/05/15, dáse conta do informe-proposta do 27/05/15 da xefa do servizo de Patrimonio Histórico conformado pola xefa das áreas da Tenencia da Alcaldía e pola concelleira-delegada de Patrimonio que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das “Obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles”*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou “adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa*

*Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles 2. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)".*

*Con data 17 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., para a execución das OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, NO ÁMBITO DA PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES (EXP. 7279-307), por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído).*

*Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Directores Facultativos das obras aos técnicos municipais: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás.*

*Con data 26/11/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.*

*Con data 19/12/2014 a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., solicita autorización para a tramitación da correspondente certificación de abonos a conta por materiais acopiados polo importe de 17.519,75 euros, ive incluído.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 23 de decembro de 2014, autoriza o aboamento á conta dos materiais acopiados para a execución de ditas obras (exp. 7279-307).*

*Con carácter previo á aprobación da certificación e da correspondente factura, a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., contratista das obras, constituíu garantía (documento CVD nº 201400092023 por importe de 12.095,75 euros).*

*Con data 30/12/2014, tramitouse a certificación nº 1, por importe de 17.519,75 euros, para o acopio do material das obras sinaladas, dacordo coa autorización da Xunta de Goberno Local de 23/12/2014.*

*Con posterioridade tramitáronse as seguintes certificacións:*

- Certificación nº 2 (factura nº 302, de 29/12/2014), por importe de 17.469,16 euros.*
- Certificación nº 3, de 05/02/2015, por importe de 0 euros.*
- Certificación nº 4 (factura nº 42, de 13/03/2015), por importe de 120.627,00 euros.*
- Certificación nº 5 (factura nº 84, de 14/04/2015), por importe de 84.989,11 euros.*

*Con data 08/05/2015, a Xunta de Goberno Local, acordou "devolver a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., CIF A- 15977184, a garantía constituída para responder ao acopio do material das "obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles" (exp. 7279-307), por unha contía de 2.383,38 euros, segundo a carta de pagamente "OCVD" nº 201400092024, de data 29/12/2014".*

*Os directores facultativos da obra: Juan Aguirre Rodríguez, Juan García Hansen, David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, emiten informe de data 18 de maio de 2015, favorable á devolución do aval solicitado que se acompaña ao expediente.*

*Finalmente, previa petición deste servizo e con data 26/05/2015, o Viceinterventor Adxunto emite informe favorable á devolución solicitada .*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*- Devolver a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., CIF A- 15977184, a garantía constituída para responder ao acopio do material das “obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da Praza da Princesa e Praza de Argüelles, incluíndo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles” (exp. 7279-307), por unha contía de 12.095,75 euros, segundo a carta de pagamente “OCVD” nº 201400092023, de data 29/12/2014.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(688).- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS DE CARÁCTER RESERVADO AO FUNCIONARIO DE POLICÍA CO NIP 294430. EXPTE. 41968/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 01/06/15, do intendente da Policía Local-instrutor do expediente, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*“De conformidade co establecido no apartado 5 do art. 110 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais; a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 10/10/2014 (expte 41968/212), e a proposta do Intendente-Xefe da Policía Local de Vigo formulada o 06/10/2014, acordaba a incoación de dilixencias informativas de carácter reservado ao funcionario da Policía Local 294.430 a fin de verificar ata que punto existe base racional para incoar un expediente disciplinario.*

*En orde a esclarecer os feitos, determinar aos seus presuntos responsables e a procedencia de iniciar ou non o procedemento sancionador; o instrutor que subscribe realizou as actuacións que seguidamente se describen.*

#### **1.- DESCRICIÓN DOS FEITOS**

*a) O 26 de xuño de 2014 a Xefa de Seguridade, D<sup>a</sup> Rosa Ana Garcinuño Barreiro, informaba mediante escrito dirixido ao Concelleiro-Delegado de Movilidad, ao Xefe da Policía Local e ao Xefe de Área de Mobilidade; que o 13/05/2014 se recibiu na Axencia Executiva o boletín número 1313082 1 no que o axente de policía Local con NIP-294.430 formulaba unha denuncia por infracción ás normas do tráfico, pero que debido a que a marca e modelo do vehículo infractor non correspondían coa matrícula, resultáballe imposible incoar procedemento sancionador, de modo que requiría a súa subsanación.*

*b) O 06 de outubro de 2014 o Intendente-Xefe da Policía Local propoñía á Xunta de Goberno Local a incoación de dilixencias informativas de carácter reservado ao funcionario da Policía Local con NIP 294.430 pola incorrecta identificación dun vehículo infractor, mediante a sobreescritura dos caracteres da matrícula no boletín de denuncia 1613082 1.*

*d) O 26 de xaneiro de 2015 o Oficial da Policía Local NIP-294.268 evacuaba informe explicativo no que informaba do seguinte:*

*En contestación á súa petición sobre a documentación relacionada co boletín de denuncia número 1613082 1, infórmolle do seguinte:*

- 1º.- O boletín foi cumprimentado polo axente 430 ás 17,00 horas do 09/05/2014.
- 2º.- Ás 22,08 horas do 09/05/2014 consta recepcionado polo oficial 396
- 3º.- O 13/05/2014 ás 13,10 horas entrégao o axente número 68 na A. executiva, segundo acta de entrega-recepción con acuse de recibo
- 4º.- En oficio de data 05/06/2014 procedente da instrutora, devólveo para emendar o erro ao non coincidir matricúlaa coa marca e modelo que figura na denuncia.
- 5º.- Logo de trámitelos oportunos de rexistro, etc. o 09/06/2014 ás 10.40 horas fáiselle entrega ao axente do boletín coas indicacións da instrutora, asinando o acuse de recibo.
- 6º.- Ás 10,00 horas do día 10/06/2014, o axente 68 rexistra a recepción da denuncia acompañada de parte de servizo explicativo do axente (mesma data).
- 7º.- Que en oficio de Nº Ref.- 99757 de data 16/06/2014, dáse traslado do actuado á Sra. Instrutora con acuse de recibo
- 8.- En oficio de data 26/06/2014 a instrutora dá conta ao Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade, ao Sr. Xefe de Área de Mobilidade e ao Sr. Xefe da Policía Local, de que ao seu xuízo a matrícula no boletín podería ser manipulada ao aparecer sobre escrita-modificada, solicitando a apertura de dilixencias de investigación por si atopámosnos/atopámonos ante unha manipulación intencionada.
- 9º.- O 27/06/2014 en oficio S. Ref.- DOC 140079713, dirixido ao Xefe do Corpo devólvese copia de boletín indicando que o orixinal remítese á Oficina de Denuncias desta Policía Local.
- 10º.- O 21/07/2014 en relación de S. Ref.- DOC 140091034 devólvese o boletín acompañado do parte de servizo do axente.
- 11º.- Por parte do que subscribe fanse varias consultas aleatorias na base de datos da DGT intentando pescudar coincidencias tendentes a solucionar o presunto erro, con resultado negativo.
- 12º.- Do acontecido pásase informe detallado ao Intendente-Xefe que cursa ordes oportunas para entrevistarse co axente denunciante e co oficial 396 como encargado da recepción do boletín o 09/05/2014.
- 13º.- A Orde de jefatura Nº 1/2014 de data 05/02/2014 fai mención entre outras ás citadas no 12º e 13º lugar
- 14º.- Do resultado da entrevista do axente 430 co Intendente-Xefe, o requirido fai un novo informe mediante parte de servizo de data 02/07/2014 acompañando ao mesmo a folia de servizo do día da denuncia
- 15º.- Do actuado dáse traslado á instrutora en oficio de Nº Ref.- 100545 de data 03/08/2014.
- 16º.- O 05/09/2014 en oficio dirixido á Xefatura da Policía Local (S. Ref. DOC 140079713), devólvese o expediente indicando que non realizan o arquivo de denuncias que non teñen entrado en trámite.
- 17º.- O 11/09/2014 mediante oficio de Nº Ref.- 101271 pásase a denuncia coa documentación relacionada a arquivo ordenando o Intendente-Xefe que se pase copia de todo o relacionado ao axente 279 para dar inicio a dilixencias de investigación sobre a actuación do axente 430
- 18º.- Significolle que a tardanza na resolución dos feitos parece xustificada, tendo en conta que os trámites requiridos necesitan un tempo, e que o axente 430, empeza as vacacións o 01/07/2014, con interrupción das mesmas por baixa o 20/07/2014 durando dita baixa ata o 20/08/2014; a continuación empeza a gozar o período vacacional que lle faltaba. Reincorpórase ao servizo activo o 01/09/2014.
- 19º.- Achéganse fotocopias do apuntado nun total de 30 folios útiles por unha soa cara

*c) O 25 de xaneiro de 2015, o Instrutor solicitaba ao Oficial da Policía Local NIP-294.268, responsable dá xestión de multas non ámbito policial, un informe detallado sobre a tramitación de denuncia de tráfico 1613082 1.*

*e) O 27 de xaneiro de 2015 citábase ao axente da Policía Local NIP-294.430, para recibirlle declaración en calidade de testemuña, circunstancia que tivo lugar o sábado 31 de xaneiro de 2015 (aínda que por erro tipográfico, na manifestación figura o ano 2014) e formularlle algunhas preguntas que puidesen clarificar o ocorrido. O axente ratificouse no contido dos dous informes que redactara o 10/06/2014 e 02/07/2014 e nos que explicaba que non realizou correccións ou tachaduras sobre o boletín de denuncia que estendeu ao segundo vehículo infractor, senón que -asegura- pareceulle oportuno e conveniente reutilizar o impreso a medio cubrir que empregara minutos antes para intentar denunciar a outro vehículo infractor estacionado na mesma reserva.*

*f) O 30 de xaneiro de 2015 solicitábase a un dos axentes do servizo informático desta Policía Local que, mediante consulta do Padrón Municipal de Vehículos, informase de cantos vehículos matriculados en Vigo ten na súa placa os caracteres "-DWG" ao obxecto de coñecer si algún Citroen Saxo figuraba con eses caracteres. E, o 31 de xaneiro de 2015, o axente con NIP 294.372 respondía ao requerimento co seguinte contido: Pola presente infórmase, que consultado o padrón de vehículos, a data 31 de xaneiro de 2015 sendo as 09:30 horas,*

aparecen rexistrados na citada base de datos un total de 73 vehículos, coincidentes coa combinación ¿DWG? na súa placa de matrícula. Relaciónolle listado completo de vehículos localizados no criterio de procura descrito

0291 DWG 36106112  
0681 DWG 34549148  
0699 DWG 53172565  
0755 DWG 36064607  
0876 DWG B36780872  
0882 DWG B36768471  
0945 DWG B27775147  
0948 DWG B36780872  
1072 DWG B36818607  
2168 DWG 36145724  
2836 DWG B36818607  
3276 DWG B27703818  
3279 DWG 10488688  
3308 DWG B36769016  
3334 DWG X4240784  
3341 DWG 34627943  
3374 DWG B36686624  
3412 DWG 36103382  
3413 DWG 36109814  
3417 DWG 36054404  
3418 DWG 35221683  
3419 DWG 36157549  
3420 DWG A36602837  
3421 DWG 36066882  
3423 DWG 36080766  
3429 DWG B24399305  
3430 DWG 36153495  
3431 DWG 36171421  
3434 DWG 36125920  
3435 DWG 36136801  
3436 DWG B36933794  
3437 DWG 36034072  
3438 DWG B36637593  
440 DWG B36620433  
3458 DWG B36891208  
3459 DWG 35819959  
3461 DWG 35946375  
3463 DWG 39453859  
3466 DWG B15823529  
3467 DWG 36040488  
3468 DWG 35817961  
3802 DWG 35928258  
4190 DWG B36924827  
4441 DWG B36818607  
4475 DWG 36092837  
4822 DWG 36149599  
5818 DWG 36063855  
5884 DWG B36896702  
5926 DWG 36140623  
6025 DWG 53974805  
6043 DWG 34936544  
6061 DWG 10755111  
6072 DWG 35997583  
6107 DWG 35916147  
6195 DWG B24399305  
6210 DWG 44082913  
6288 DWG B24399305  
6380 DWG B24399305  
6391 DWG 36107530  
6570 DWG 36009282  
6688 DWG 35949124  
6727 DWG B36852036  
6735 DWG G36705101  
6795 DWG 36010127  
7330 DWG B24399305  
7596 DWG 36027533

7707 DWG B36896702  
8383 DWG 36132356  
8738 DWG 36137525  
9098 DWG 35933951  
9495 DWG 36140891  
9686 DWG B36818607  
9821 DWG 39467443

## 2.- VALORACIÓN XURÍDICA

*Sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen proceder, o réxime disciplinario aplicable aos membros dos corpos da Policía local é o que se establece na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e, na súa falta, na lexislación vigente en materia de función pública.*

*Os funcionarios dos corpos da Policía local poden incurrir en responsabilidade disciplinaria pola comisión das faltas que se tipifican no Título VII da lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de Policía Locales.*

*No caso que nos ocupa, tal e como se detalla no fundamento xurídico Primeiro do Informe-proposta do Intendente-Xefe, o artigo 80 letra e) da lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais tipifica como infracción disciplinaria grave: "os actos e condutas que atenten gravemente contra a dignidade dos funcionarios, contra a imaxe dos corpos da Policía local e contra o prestixio e a consideración debidos ao concello e á Xunta de Galicia". E, o artigo 81 letra a) tipifica como infracción disciplinaria leve: "O atraso ou negligencia no cumprimento das funcións e ordes recibidas ou a falta de interese na instrución ou preparación persoal para desempeñalas".*

*En canto á prescripción, as faltas graves prescriben ao ano desde a data da súa comisión e as leves ao mes, comezando a contarse o seu prazo desde que se cometeu.*

*Polo que respecta á información previa, trátase dunha actuación preliminar e potestativa tendente a examinar as circunstancias do caso concreto para determinar a procedencia ou non de iniciar o expediente disciplinario.*

*Por todo iso, tras establecer de forma clara e precisa os feitos ou actuacións incorrectas ou irregulares presuntamente cometidas tratouse de verificar ata que punto existe base racional para incoar un expediente, chegando ás seguintes*

### C.- CONCLUSIÓNS, CONSIDERACIÓNS E PROPOSTAS

*A información reservada, como a súa propia denominación indica, consiste na actuación administrativa tendente á comprobación e investigación duns feitos que se puxeron en coñecemento da Administración Pública, a efectos de determinar, con pleno coñecemento de causa, si eses feitos son ou non constitutivos de responsabilidade disciplinaria ao funcionario presuntamente responsable.*

*Non debemos esquecer que como sinala a Sentenza 40/2008, de 3 de marzo, do Tribunal Constitucional, a presunción de inocencia rexe sen excepcións no ordenamiento sancionador e ha de ser respectada na imposición de cualesquiera sancións, sexan penais, sexan administrativas, pois o exercicio do ius puniendi nas súas diversas manifestacións está condicionado polo art. 24.2 ao xogo da proba e a un procedemento contradictorio no que poidan defenderse as propias posicións, significando a continuación que "o dereito á presunción de inocencia comporta que a sanción estea baseada en actos ou medios probatorios de cargo ou incriminadores da conduta reprochada; que a carga da proba corresponde a quen acusa, sen*



*que ningún estea obrigado a probar a súa propia inocencia, e que calquera insuficiencia no resultado das probas practicadas, libremente valorado polo órgano sancionador, debe traducirse nun pronunciamento absolutorio (SSTC 76/1990, de 26 de abril, FJ 8 b); e 169/1998, de 21 de xullo, FJ 2)"*

*A presunción de inocencia que asiches ao expedientado comporta que a sanción estea baseada en actos ou medidas probatorias de cargo, incriminadores da conduta reprochada, correspondendo a carga da proba á Administración, sen que ningún estea obrigado a probar a súa propia inocencia.*

*Esta presunción de inocencia forma parte das garantías do procedemento sancionador, de modo que a Administración sancionadora debe deixar suficientemente probados os feitos aos que neste caso- propónse atribuír relevancia disciplinaria para poder logo sancionalos válidamente. Con todo, ningún indicio ou proba puido acreditar que se cometeron feitos cualificados como infracción disciplinaria e, en consecuencia, non se pode propoñer a apertura do correspondente procedemento disciplinario xa que a versión ofrecida polo axente denunciante para explicar a que se debeu o erro cometido no boletín de denuncia parece verosímil e non pode contradicirse mediante outras probas.*

*En conclusión do exposto, e tendo en conta que os feitos que pretenden sancionarse carecen de base probatoria, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO*

*Que non cabe ter por acreditada a conduta reprochada ao axente NIP 294-430, que obviamente por iso non pode ser subsumida en tipo disciplinario algún, sen que sexa necesario entrar a pronunciarse sobre a tipicidade ou non dunha conduta que non se pode ter por probada."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(689).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL SEPULTUREIRO/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 26665/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta do 02/06/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa o servizo que di o seguinte:

*"Antecedentes:*

*Con data 26/05/2015 por este Servizo formulouse a seguinte proposta de acordo, para ser sometida a aprobación da Xunta de Goberno Local:*

*"Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial Sepultureiro/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito 4 de febreiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.160,00 con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.*

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas como Oficial Sepultureiro, por un periodo máximo de seis meses, á D. JAVIER RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, DNI 76.995.552-Q, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Albanel, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do referido funcionario interino nomeado desenvolverase de lúns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garanta ós seus periodos de descanso regulamentarios."

Remitida a mesma a Intervención Xeral para o preceptivo informe de fiscalización, foi informado favorablemente en data 29 de maio seguinte.

Detectado erro na transcripción do segundo apelido do aspirante proposto e terse comprobado que se trata de un erro de transcripción do mesmo, procédese a súa subsanación.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, visto o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria emitido pola Intervención Xeral polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial Sepultureiro/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito 4 de febreiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.160,00 con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas como Oficial Sepultureiro, por un periodo máximo de seis meses, á D. JAVIER RODRÍGUEZ TORRES, DNI 76.995.552-Q, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Albanel, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a

parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do referido funcionario interino nomeado desenvolverase de lúns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garanta ós seus periodos de descanso regulamentarios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(690).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2015. EXPTE. 26640/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*"Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras e o visto e praxe do Concelleiro-Delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Abril-2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que "aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto".*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade baséase nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos*

postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non so aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a tódolos postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 citase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construcción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidad, toxicidad e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitradores.

En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considerase máis axeitado nestes intres consideralos como incentivos de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos

*funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, ten o seu orixe no recoñecemento pola Xunta de Goberno Local, no acordo de data 16/05/2014 xa que o aboamento da produtividade efectuarase en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.*

*No presente expediente relaciónase o persoal do servizo de Vías e Obras que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Asi mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en harmonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inxecusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e*

Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación de Vías e Obras e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.150.00.00- “Productividade”, por importe de 451'98 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
17390	Alonso Cue, Miguel Angel	78'12 €
81662	Barros González, Delio	94'86 €
17360	Bastos Román, Jesús	83'70 €
76566	López Rivera, Juan Ramón	100'44 €
17408	Rodríguez Rocha, Rodrigo	94'86 €
<b>TOTAIS</b>		<b>451'98 €</b>

“.

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(691).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACIÓN DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2015. EXPTE. 26639/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta do 19/05/15 da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Recíbese no servizo de Recursos Humanos, en data 06/05/2015, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, co conforme do Xefe da Área de Servizos Xerais e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relacións de persoal do servizo do Parque Móbil, adscrito as brigadas de pavimentación que teñen dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Abril de 2015. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificado na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 23593/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade. Dito complemento de produtividade por toxicidade basease nos informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sobre a especial penosidade e peligrosidade do posto de Oficial pavimentador, de data 27 de xullo 2012 no que se informa das circunstancias en canto a contaminantes químicos, contaminantes físicos, contaminantes biolóxicos, e estrés térmico nas que dito posto desenvolve as súas funcións, concluíndo que a adopción das medidas preventivas sinaladas no informe destinadas a controlar os posibles riscos supoñen un nivel de risco aceptable. Posteriormente, en data 11 de xullo de 2013, o servizo de prevención de riscos laborais informa sobre a especial penosidade dos postos de traballo adscritos aos servizos de vías e obras e parque móbil que realizan traballos de bacheo e pavimentado, e que inclúe non só aos postos de oficial pavimentador senon que debe entenderse extensiva a todos os postos: oficial pavimentador, axudantes de oficios, peóns e oficiais condutores. Así mesmo, no informe da Intervención Xeral de data 07/05/2014 cítase o art 34 do Convenio Colectivo Provincial de Construción e Obras Pública no que se recoñece a especial penosidade, toxicidade e peligrosidade dos traballos dos embreadores, asfaltadores e alquitranadores.*

*En canto a posibilidade contemplada no informe da Intervención Xeral citado anteriormente, de considerar estas percepcións como fixas dentro dos complementos retributivos permanentes destes postos de traballo, considérase máis axeitado nestes intreos consideralos como incentivos*

de carácter variable, aboándose única e exclusivamente ao persoal que esta en contacto cos produtos que se consideren contaminantes químicos, físicos ou biolóxicos, e única e exclusivamente nas xornadas de traballo nos que se dé esta circunstancia, xa que o aboamento da produtividade efectuaranse en función dos días realmente traballados realizando funcións de execución de firmes e pavimento, en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos. Exclúense polo tanto os días nos que se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.



*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*No presente expediente relaciónase o persoal do servizo do Parque móbil que forma parte das brigadas de pavimentación e que realiza funcións relacionadas coa execución de firmes e pavimentos.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### **A C O R D O :**

*Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade a brigada de pavimentación do Parque Móbil e que se relaciona no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación*

orxamentaria 920.0.150.00.00- "Productividade", por importe de 234'36 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO

Nº Persoal	Apelidos e nome	Importes
15881	Alonso Iglesias, Manuel	55'80 €
15496	Andujar Picans, Fernando C.	83'70 €
16142	Martins Fernández, Juan A.	94'86 €
TOTAIS		234'36 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(692).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2015. EXPTE. 26636/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta do 20/05/15, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*"A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Abril de 2015, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.*

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do

*Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servicio de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.*

*No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de abril de 2015.*

*O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polos persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.*

*O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en harmonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.*

*Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 452,18 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

**ANEXO**

N.P.	Nome	Importe
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	116'10 €
09722	Pardellas Avion, A Avelino	122'21 €
22790	Sousa Atrio, Jose Manuel	122,21 €
81369	Seijas Fernández; Alberto	91,66 €
IMPORTE TOTAL		452,18 €

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(693).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2015. EXPTE. 26638/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta do 19/05/815 da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Recíbesen escritos do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data 04/05/2015, co visto e praxe da Concellería-delegada da Área, relacionando o persoal adscrito ao servizo de cemiterios que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por prestar servizos en réxime de xornada partida, correspondente ao mes de Abril de 2015, na que se indica Nº de Persoal, nome, cemiterio municipal e data pola que cada empregado ten dereito ao aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O persoal do servizo de cemiterios relacionado no escrito da xefa de negociado do Servizo realiza a súa actividade laboral en réximen de xornada partida, dada a necesidade de contar coa presenza do persoal municipal no horario de apertura dos cemiterios municipais (horario de mañá de 9.00h a 13.00h e tarde de 15.15 a 18.30 h).*

*Así mesmo, no informe de data 04/05/2015 sinalan os días nos que o persoal relacionado disfrutou de vacacións, permisos, baixas por I.T., datas comprobadas por este servizo de Recursos Humanos, e que polo tanto non lle corresponde o aboamento de produtividade pola realización da actividade laboral en xornada partida.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira apartado d), que: con cargo ao complemento de produtividade “a dedicación extraordinaria de traballos en rexime de xornada partida, por un importe de 3’64 € día, aboamento que se fara en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓN CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.*

*Asi mesmo, en sesión de data 29/08/2014, acordase a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓN EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .*

*En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións*

establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Considerando a motivación exposta, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

Primerio.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios por xornada partida, pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño das súas funcións ao persoal relacionado nos listados anexos, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura dos servizo obrante no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-“Productividade”, por importe de 1.037,40 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

CONCELLO DE VIGO		CEMITERIOS 255	MES DE ABRIL		ANO 2015
Nº de persoa	Apelidos e nome	Importe día	Días traballados	Total euros	
23490	Alfonso Paz, Jesús	3,64	20	72,80	
78372	Alvarez Lago, Jesús	3,64	20	72,80	
13600	Cabaleiro González, José	3,64	20	72,80	
77225	Cid González, Alberto	3,64	20	72,80	



82216	Comis González, Esteban	3,64	20	72,80
77691	Conde Lorenzo, Héctor	3,64	19	69,16
78122	Costas Riveiro, Rafael	3,64	20	72,80
82456	Costas Villar, Alberto	3,64	14	50,96
79828	Cousiño Sendín, M <sup>a</sup> Concepción	3,64	19	69,16
23509	Márquez Losada, Manuel Enrique	3,64	20	72,80
76563	Pereira Fona, Juan José	3,64	18	65,52
82187	Quintas Pérez, Jose Juan	3,64	17	61,88
76430	Rodríguez López, Adolfo	3,64	19	69,16
77224	Vila Abalde, Eliseo Silverio	3,64	19	69,16
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	3,64	20	72,80
<b>Importe total</b>			<b>285 días</b>	<b>1.037,40.€</b>

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(694).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE NOVEMBRO 2014 E MARZO 2015. EXPTE. 26558/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta do 07/05/15, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.*

*No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.*

*Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de novembro-2014 e marzo-2015 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Parque Central, Museo, Parque Móbil, Museo, Limpeza e Transporte).*

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
150038117	Alcaldía (Condutores)	Marzo-2015	181'00	
150039086	Extinción de Incendios	Marzo-2015	846'00	
150040920	Policía Local (Xulgados)	Marzo-2015	680'00	
150040914	Policía Local (Horas en exceso)	Marzo-2015	222'57	
140146692	Inspección Vías e Obras	Novembro-2014	71'00	25635/220
150039951	Ospio	Novembro-2014	64'00	25648/220
150037094	Vías e Obras	Novembro-2014	120'00	25654/220
150038783		Novembro-2014	45'00	
150037870		Novembro-2014	15'00	
150038250	Parque Central	Novembro-2014	60'00	25709/220
150038768		Novembro-2014	48'00	
150037407	Museo	Novembro-2014	11'00	942/341
150038744	Parque Móbil	Novembro-2014	36'00	25676/220
150038714	Limpeza	Novembro-2014	16'00	25636/220
150036286	Transporte	Febreiro-2015	15'00	26229/220

Nos documentos remitidos indícase nome, numero de persoal , servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policía Local , amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26558-220 e que se corresponden cos Documento 150038117 (Alcaldía), Documento 150039086 (Extinción de Incendios), Documento 150040920 (Policía Local- Xulgados), Documento 150040914 (Policía Local-Horas en exceso),

Documento 140146692 (Inspección Vías e Obras), 150039951 (Ospio) 150037094, 150038783 e 150037870 (Vías e Obras) 150038250 e 150038768 (Parque Central), Documento 150037407 (Museo), Documento 150038744 (Parque Móbil) 150038714 (Limpeza) e Documento 150036286 (Transporte), figuran o servizo ao que están adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 24.299'09 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Marzo-2015	181'00	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Marzo-2015	846'00	De Alonso Barciela, Rubén a Villar Comesaña, José Antonio
Policia Local (Xulgados)	Marzo-2015	680'00	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vidal Macía, Ramón
Policia Local (Horas en exceso)	Marzo-2015	222'57	De Alvarez Domínguez, José Mª a Vigo Quirós, Emilio
Inspección Vías e Obras	Novembro-2014	71'00	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio
Ospio	Novembro-2014	64'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Novembro-2014 Novembro-2014 Novembro-2014	120'00 45'00 15'00	De Bastos Román, Jesús a Rodríguez Lestón, Bernardo
Parque Central	Novembro-2014 Novembro-2014	60'00 48'00	De Alonso Alonso, Miguel Angel a Troncoso Martínez, Avelino
Museo	Novembro-2014	11'00	De Vázquez Martínez, Ramón
Parque Móbil	Novembro-2014	36'00	De Gil González, Antonio a Romero Cobas, José Luis
Limpeza	Novembro-2014	16'00	De Quintas Pérez, Manuel
Transporte	Novembro-2014	15'00	De Casás González, César

“

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(695).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL 2015. EXPTE. 26641/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta do 26/05/15 da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*"Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Abril de 2015, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.*

*A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :*

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Abril	149,00	598,98	31,00	84,32	683,30
Extinción Incendios	Abril	763,00	3.067,26	209,00	568,48	3.635,74
Policia Local	Abril	10.959,74	44.058,15	10.713,71	29.141,29	73.199,45
Cemiterios	Abril	616,24	2.477,28	0,00	0,00	2.477,28
Parque Móbil	Abril	34,00	136,68	38,00	103,36	240,04
Turismo	Abril	119,00	478,38	0,00	0,00	478,38
Bibliotecas	Abril	16,00	64,32	0,00	0,00	64,32
Museo	Abril	87,00	349,74	0,00	0,00	349,74
Parque Central	Abril	240,00	964,80	270,00	734,40	1.699,20
TOTAIS		12.983,98	52.195,60	11.261,71	30.631,85	82.827,45

*As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policia Local, Cemiterios, Parque Móbil, Turismo, Bibliotecas, Museo, e Parque Central.*

*Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións*

*en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos:*

*No caso dos policías-seguridad de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.*

*Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da Área, de data 04/05/2015.*

*Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.*

*Parque Móbil.- en informes de data 04/05/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrumpido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*Bibliotecas.- Dado que a Biblioteca Juan Compañel desenvolve un horario de atención ao público de luns a sábados, o persoal que adscrito a mesma ten que desempeñar as súas funcións segun os turnos estalecidos, incluídos os sábados en horario de 10.00 a 14.00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.*

*Museos.- O aboamento dos recargos por festividade ao personal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.*

*Limpeza.- Proponse o aboamento ao persoal do servizo, en concepto de nocturnidade, polo desenvolvemento de funcións de inspección contratadas de limpeza en horario fora da xornada laboral, considerado nocturno (22:00 a 24:00h e 5:45 a 6:45 h).*

*Parque Central.- Con data 08/05/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, remite informe sobre horario de execución das tarefas de vixilancia que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Inclúese no presente expediente relación de persoal do Servizo da Policía Local ao que lle corresponde o aboamento dos recargos por festividade e nocturnidade, polo desempeño das súas funcións segun turnos de traballo (cuadrante), exceso de xornada ou asistencias a xulgados.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto*

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**A C O R D O :**

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Abril	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	598,98	84,32	683,30
Extinción Incendios	Abril	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén	3.067,26	568,48	3.635,74
Policia Local	Abril	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	44.058,15	29.141,29	73.199,45
Cemiterios	Abril	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.477,28	0,00	2.477,28
Parque Móbil	Abril	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	136,68	103,36	240,04
Turismo	Abril	De Barreiro Fidalgo, Natalia a Mosquera González, Antía	478,38	0,00	478,38
Bibliotecas	Abril	De Aguiar Castro, César a Vázquez Ruiz de Ocenda, Josefa	64,32	0,00	64,32
Museo	Abril	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	349,74	0,00	349,74
Parque Central	Abril	De Aira Pereiro, Antonio a Rodriguez Leiros, Alfonso	964,80	734,40	1.699,20
TOTAIS			52.195,60	30.631,85	82.827,45

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 82.827,45 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(696).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO PERÍODO DECEMEBRO 2014 – ABRIL 2015. EXPTE. 26666/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/06/15, dáse conta do informe-proposta do 01/06/15 do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*

*Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Servizos Económicos (Inspección), Cemiterios, Benestar Social, Educación e Prevención de Riscos Laborais.*

*En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.*

*A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.*

*Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).*

*Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 11.898,12 €.*

*A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Eugenio Cobas Rey e que remata en Dna. Isabel Cabeza Pereiro-:*

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
-----------	---------	-------------	-----	---------------	-----	---------

73367/250 73597/250 74000/250	VÍAS E OBRAS	Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Febreiro, marzo, abril	896,61 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Febreiro, marzo, abril	744,99 €
		Matilde Viñas, José Eugenio	36.000.551-P	11831	Febreiro, marzo, abril	893,76 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Febreiro, marzo, abril	649,80 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Febreiro, marzo, abril	813,96 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Febreiro, marzo, abril	890,91 €
150055939 150055957 150055968 150055978 150055991 150055997 150056003 150056009	OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Febreiro, marzo	548,91 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Febreiro, marzo	590,90 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Febreiro, marzo	545,81 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Febreiro, marzo	527,82 €
361/201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Abril	289,37 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Abril	274,74 €
92309/210 92648/210 92979/210 92310/210 92649/210 92980/210 92310/210 92650/210 92981/210	MOBILIDADE E SEGURIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Febreiro-marzo- abril	522,50 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Febreiro-marzo- abril	583,68 €
		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Febreiro-marzo- abril	566,01 €
30878/502 30879/502 30880/502 30881/502 30882/502 30883/503 31023/502 31024/502 31025/502 31026/502 31027/502 31028/502	SERVIZOS ECONÓMICOS	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Xaneiro-febreiro	396,72 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xaneiro-febreiro	395,77 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xaneiro-febreiro	501,03 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	9361	Xaneiro-febreiro	497,99 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xaneiro-febreiro	451,44 €
10533/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	abril	103,17 €
106307/301 106308/301 106309/301 106310/301	BENESTAR SOCIAL	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Decembro 14- xaneiro-feb-marzo	86,64 €
16942/332	EDUCACIÓN	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	marzo	109,82 €
26419/220	PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	Cabeza Pereiro, Isabel	36.114.676-F	80660	Febreiro	15,77 €
<b>TOTAL</b>						<b>11.898,12 €</b>

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 24 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.



II.- Artigos 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguintes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2014 (prorrogado).

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**A C O R D O :**

"Aprobar o gasto por un importe de 11.898,12 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Eugenio Cobas Rey e que remata en Dna. Isabel Cabeza Pereiro-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
73367/250 73597/250 74000/250	VÍAS E OBRAS	Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Febreiro, marzo, abril	896,61 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Febreiro, marzo, abril	744,99 €
		Matilde Viñas, José Eugenio	36.000.551-P	11831	Febreiro, marzo, abril	893,76 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Febreiro, marzo, abril	649,80 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Febreiro, marzo, abril	813,96 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Febreiro, marzo, abril	890,91 €
150055939 150055957 150055968 150055978 150055991 150055997 150056003 150056009	OSPPIO	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Febreiro, marzo	548,91 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Febreiro, marzo	590,90 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Febreiro, marzo	545,81
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Febreiro, marzo	527,82 €

361/201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Abril	289,37 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Abril	274,74 €
92309/210 92648/210 92979/210 92310/210 92649/210 92980/210 92310/210 92650/210 92981/210	MOBILIDADE E SEGURIDADE	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Febreiro-marzo-abril	522,50 €
		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Febreiro-marzo-abril	583,68 €
		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Febreiro-marzo-abril	566,01 €
30878/502 30879/502 30880/502 30881/502 30882/502 30883/503 31023/502 31024/502 31025/502 31026/502 31027/502 31028/502	SERVIZOS ECONÓMICOS	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Xaneiro-febreiro	396,72 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xaneiro-febreiro	395,77 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xaneiro-febreiro	501,03 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	9361	Xaneiro-febreiro	497,99 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xaneiro-febreiro	451,44 €
10533/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	abril	103,17 €
106307/301 106308/301 106309/301 106310/301	BENESTAR SOCIAL	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Decembro 14-xaneiro-feb-marzo	86,64 €
16942/332	EDUCACIÓN	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	marzo	109,82 €
26419/220	PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	Cabeza Pereiro, Isabel	36.114.676-F	80660	Febreiro	15,77 €
<b>TOTAL</b>						<b>11.898,12 €</b>

Das seguintes partidas funcionais:

	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	7.103,47 €
9200	Conserxería	564,11 €
1330	Mobilidade e Seguridade	1.672,19 €
9320	Servizos Económicos	2.242,95 €
1640	Cemiterios	103,17 €
2310	Benestar Social	86,64 €
3230	Educación	109,82 €
9201	Prevención Riscos	15,77 €
	<b>TOTAL</b>	<b>11.898,12 €</b>

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(697).- RECLAMACIÓNS AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 1ª FASE 2015 (FAS). EXPTE. 26647/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de RR HH conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*Con data 23 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas socio-sanitarias 2015-1ª Fase", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.*

*Contra ditas axudas presentáronse reclamacións por D. Miguel Alves Diaz, D. David Calvo Estévez, Dª Esther Cambeiro Fuentes, D. Xosé Lois Cea Nogueira, Dª Alba Choren Puga, D. José Carlos Conde Fernández, D. Alfredo Davila Alvarez, D. Antero Docampo García, D. Francisco J. Fernández Osorio, D. Manuel Guardado Soage, D. José Angel Hermida Fernández, Dª Mª José López Gonzalez, D. Adrián Martínez Perez, D. Francisco J. Ogando Paredes, D. Carlos Ordoñez Pérez, D. Ismael Rodríguez Montero, D. Julio Cores Cobas e Dª Mónica López-Coronado Carnero, que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 27 de abril de 2015, remitíndo a este Servizo de Recursos Humanos acordo ao respecto.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.*

*II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2015 -prorrogado-.*

*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais (prorrogado) para o ano 2015.*

*V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.*

*2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

*3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

*4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do*

13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas socio-santiarias 2015-1ª fase, propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 27/04/2015 por un importe total de **5.119,00 €** (cinco mil cento diecinueve euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	Euros
ALVES DIAZ MIGUEL	36054689-G	17153	315
CALVO ESTEVEZ DAVID	35571202-T	79119	330
CAMBEIRO FUENTES ESTHER	36037461-A	22533	315
CEA NOGUEIRA XOSE LOIS	36046775-W	21150	245
CHOREN PUGA ALBA	36034151-M	21812	250
CONDE FERNANDEZ JOSE CARLOS	36063460-N	22295	400
DAVILA ALVAREZ ALFREDO	36065068-X	77037	435
DOCAMPO GARCÍA ANTERO	34951927-T	79368	760
FERNANDEZ OSORIO FRANCISCO J.	36117409-A	23969	189
GUARDADO SOAGE MANUEL	76806204-G	16515	315
HERMIDA FERNANDEZ JOSE ANGEL	36036361-F	13853	245

LOPEZ GONZALEZ M <sup>a</sup> JOSE	36021649-S	10582	435
MARTINEZ PEREZ, ADRIAN	39452617-G	81573	150
OGANDO PAREDES FRANCISCO J.	33223740-X	16751	55
ORDOÑEZ PEREZ CARLOS	36018158-C	14025	245
RODRIGUEZ MONTERO ISMAEL	53182855-R	80576	435
SUMA TOTAL			5119

Segundo.- Denegar a concesión de axudas socio-sanitarias aos seguintes traballadores, polos motivos que se especifican para cada un deles:

*D. Julio Cores Cobas, non procede reclamación pagado correctamente.*

*D<sup>a</sup> Mónica López-Coronado Carnero, non procede reclamación ratifícase o acordado na xuntanza de 05/03/2015 (non pertence ao cadro de persoal).*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **27(698).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “VIGO HOSPITALITY”. EXPTE. 5610/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29/05/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Turismo que di o seguinte:

*“A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia establece no seu art. 5, que corresponde aos concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións a protección e promoción dos recursos turísticos do seu término municipal, e o desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia. Doutra banda a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, reformula pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, no seu artigo 25.2.h. Establece que a información e promoción da actividade turística de intese e ámbito local é unha competencia propia do municipio.*

*O programa “Vigo Hospitality” ten como finalidade promocionar as actividades de ocio orientadas ao turista e visitantes que se ofertan na cidade de Vigo, Turismo de Vigo facilita así, o contacto entre os visitantes e as empresas de servizos locais.*

*O obxecto destas bases é regular a convocatoria e procedemento para captar a oferta de servizos turísticos existentes na cidade, por tempo inferior a unha xornada, para poñela ao alcance do visitantes e, ao tempo, fomentar e mellor imaxe do destino turístico e da marca Vigo.*

*A inclusión na guía non supón coste para as empresas de servizos, para deben manter os compromisos adquiridos durante toda a vixencia da guía.*

*O servizo de Turismo será o responsable do seguimento e control do cumprimento dos compromisos adquiridos polas empresas. O órgano competente para a aprobación destas bases será a Xunta de Goberno Local.*

#### PROPOSTA

- 1. Aprobar as “Bases reguladoras da convocatoria e execución do programa “Vigo Hospitality” segundo o texto que se achega.*
- 2. Autorizar a convocatoria pública para participar no “Vigo Hospitality”.*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “VIGO HOSPITALITY”.**

#### **1. ANTECEDENTES**

*No marco do Plan de Competitividade Turística de Vigo, Turismo Urbano e Ría desenvolveuse o programa de incentivo á prescrición e venda directa da oferta de servizos no destino turístico Vigo denominado “Vigo Hospitality”.*

*O Plan de Competitividade Turística tivo entre os seus obxectivos definir novos produtos turísticos innovadores, así como permitir o aumento da calidade dos servizos en destino.*

*O programa “Vigo Hospitality” contribúe o cumprimento destes obxectivos e favorece a consecución de fins como:*

- Aumento da demanda e internacionalización do turismo.*
  - Aumento de ingresos e rendibilidade.*
  - Desestacionalización da actividade turística.*
  - Incremento do impacto sobre o emprego turístico.*
  - Posibilita ao Concello de Vigo contar cunha guía de servizos útil, manexable e actualizada para prestar o servizo de información turística de xeito profesional e igualitario para o conxunto do sector.*
- A guía tivo edicións en 2012 e reimpresións actualizadas en 2013 e 2014. Agora estase a elaborar a edición de 2015-2016 unha nova convocatoria xeral de propostas.*

#### **2. OBXECTIVOS**

*O obxecto destas bases é en regular o funcionamento do programa “Vigo Hospitality” para a captación da oferta de servizos turísticos existente na cidade, por tempo inferior a unha xornada, para poñela ao alcance do visitante da cidade e ao tempo fomentar a mellor imaxe do destino turístico e da marca Vigo*

*O público obxectivo deste programa é o turista en xeral, especialmente os hospedados en hoteis de Vigo. Exceptúanse aqueles turistas que viaxan en grupos organizados, que soen ter contratados con antelación este tipo de prestacións incluídas nun paquete.*

#### **3. FINALIDADE**

*A finalidade que persegue coa implementación deste programa de venda directa da oferta dos servizos turísticos en Vigo son os seguintes:*

- Mellorar a oferta do destino.*

- Incrementar a capacidade de captación de gasto dos turistas no destino.
- Aumentar a satisfacción da experiencia dos visitantes.
- Favorecer o incremento da economía turística do destino.
- Xerar lazos de colaboración práctica cos operadores de destino.
- Contribuír a incrementar a calidade xeral do destino.

A finalidade da nova edición da guía “Vigo Hospitality” é promocionar as actividades de ocio orientadas ao turista e visitantes que se ofertan na cidade de Vigo. Deste modo, Turismo de Vigo facilita o contacto entre o visitante e as empresas de servizos locais.

Defínense os seguintes obxectivos:

- Aglutinar e promocionar á oferta de plans de ocio en Vigo.
- Facilitar a selección a través de criterios obxectivos sinxelos.
- Alcanzar a diferentes segmentos de público e ofrecerlle aqueles contidos que son do seu interese (grupos, familias, parellas...)
- Mellorar a presenza no canal online cunha web atractiva e funcional.
- Implementar a adaptabilidade en dispositivos móbiles (smartphones e tablets)
- Posicionar estes contidos en buscadores, con técnicas SEO e linkbuilding.
- Alcanzar a turistas nacionais e internacionais, con versións en 5 idiomas: castelán, galego, inglés, portugués e francés.
- Actualizar a versión impresa da guía cun formato máis práctico e atractivo, en idiomas inglés e castelán.

#### **4. PROCEDIMIENTO**

##### **4.a.- Proceso de selección de prescritores e servizos.**

Co fin de de respetar o principio de neutralidade e igualdade de trato, faise necesario dotar o procedemento de selección de servizos dunha serie de garantías que aseguren a libre concorrencia do sector profesional ao programa “Vigo Hospitality”

Neste sentido implantaranse as seguintes medidas e principios:

-**Publicidade:** comunicación cos axentes do sector mediante a utilización de medios de comunicación social. Neste sentido se realizarán os seguintes anuncios:

Anuncio no diario de maior tirada ou difusión no municipio de Vigo.

Anuncio na páxina Web institucional do Concello de Vigo.

Publicación na Web de Turismo de Vigo. (<http://www.turismodevigo.org/>).

-**Libre concorrencia:** o programa “Vigo Hospitality” está financiado con fondos públicos polo que a concorrencia dos axentes do sector realizarase en igualdade de condicións. Sen perxuízo do anterior, “Vigo Hospitality” é un programa de fomento da comercialización do turismo no segmento turismo de calidade, polo que é obxecto do programa a realización dun proceso de selección de servizos, mediante o establecemento dunha serie de requisitos que deben cumprir.

-**No discriminación:** en íntima relación co apuntado no apartado anterior, o proceso de selección de prescritores e servizos ten que realizarse en condicións de igualdade e obxectividade polo que se dota ao proceso dunhas bases de selección que se articulan nunha convocatoria.

Estas bases establecen unha serie de criterios obxectivos, sen perxuízo de que en determinados casos sexa necesario establecer e valorar determinados criterios cuantitativos e cualitativos . Neste sentido o uso de criterios so se fai necesario naqueles servizos onde o número de prestadores é moi elevado e por tanto é necesaria unha selección.

Poderán participar no programa, en calidade de prestadores de servizos, os establecementos e empresas pertencentes as seguintes categorías:

- a.-Restaurantes. Categoría mínima de dous garfos.
- b.-Cruceiros de ría.
- c.-Charter náutico.
- d.-Servizos de guiado turístico e rutas pola cidade.
- e.-Empresas e actividades de turismo activo.
- f.-Ximnasios.
- g.-Spas urbanos e centros de estética.

*h.-Entradas a eventos.*

*i.-Alugueres de equipos e transportes turísticos no incluídos en ningún grupo anterior.*

*Ademais, será requisito imprescindible para participar no programa que cada negocio, servizo ou empresa estea ao día en todas as obrigas que a lexislación vixente establece para a súa actividade. A estes efectos, deberase presentar unha solicitude-declaración responsable conforme co modelo anexo, onde se declare que se cumpre coa normativa e se dispón da documentación acreditativa. O Concello de Vigo poderá xirar visita en calquera momento co obxecto de comprobar os extremos contidos na declaración responsable.*

#### **4.b.-Procedemento de integración de empresas.**

*O procedemento de integración plenas das empresas no programa realizarase en catro fases:*

*1.- Presentación da solicitude de participación por parte das empresas e CIF da entidade*

*2.- Verificación do cumprimento dos requisitos de participación por parte do Concello de Vigo.*

*3.- Detalle dos servizos e actividades a prestar por cada empresa dentro do programa e especialmente para a súa publicación no catálogo comercial.*

*A estes efectos, cada entidade participante poderá ofrecer un número limitado de servizos no catálogo, que poderá oscilar entre 1 e 5 servizos, en función do desenvolvemento do programa.*

*Todos os interesados en adherirse ao programa deberán dirixir a solicitude-declaración responsable a Turismo de Vigo, segundo o modelo que se pode descargar no perfil do contratante do sitio Web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) Anexo I.*

*Esta solicitude poderá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. No caso de presentarse nun rexistro distinto ao Concello de Vigo, deberase comunicar por fax ao teléfono 986810110.*

#### **4.c.-Condicións de execución.**

*1.-Todas as empresas con sede en Vigo, que presten servizos turísticos poderán concorrer a esta convocatoria e presentar ofertas.*

*2.-O Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo revisará as propostas e propondrá motivadamente a inclusión ou exclusión de aquelas que polo seu carácter ou condición de prestación se adapten ou non ás necesidades do programa.*

*3.-A participación na convocatoria implica a aceptación das bases e obriga a adaptarse en todo á normativa vixente no momento.*

*4.-As empresas proveedoras de servizos turísticos interesadas en participar no programa "Vigo Hospitality" deberán cumprir os seguintes requisitos, para manter as propostas.*

*-Presentar de forma atractiva, cun máximo de 50 palabras, o servizo turístico que oferten.*

*-Calendario.*

*-Horario.*

*-Prezo.*

*-Duración (si procede)*

*-Particularidades do servizo.*

*-Información e reservas.*

*-Fotografía recollendo a realización da actividade con público e en alta resolución (5-7*

*megas)*

*5.-A empresa prestadora do servizo comprométese a mantelo nas condicións da oferta ata a nova edición da guía en novembro de 2016, ou a comunicar por escrito os cambios de forza maior que deban facer.*

*6.- A empresa prestadora do servizo turístico comprométese a comunicar ao Concello de Vigo calquera alteración que afecte a prestación do servizo.*

*7.-A empresa prestadora do servizo turístico declara que cumpre todos os requisitos legais esixible para prestar o servizo ofertado.*



8.-As empresas turísticas que formen parte da guía “Vigo Hospitality” quedan sometidas as normas que se conteñen nas presentes bases.

9.-O órgano competente para aprobar a exclusión ou inclusión de servizos na guía “Vigo Hospitality” é o Concelleiro Delegado de Turismo. As empresas afectadas contan cun prazo de 5 días hábiles para adaptar a súa oferta as bases e/ou presentar alegacións ás resolucións. De igual xeito é competente para admitir ou rexeitar a trámite as reclamacións e as subxestións que a xestión do programa dea lugar.

10.-Os usuarios da guía terán dereito a:

I.- A que as condicións e prezos que figuran no presente catálogo sexan válidos durante a súa vixencia (ata 30.11.2016)

II.- As condicións deberán ser confirmadas co prestador de servizos no momento de facer a reserva. De non aterse ao previsto poderá formularse reclamación segundo o Anexo II, sen menos cabo das competencias de inspección e sanción propias da Axencia de Turismo de Galicia.

III.- Cada prestador de servizo establece a súas condicións e prezos por temporadas. Estas aparecen especificadas na descrición do servizo.

IV.- Poden xurdir variacións nos prezos e nas temporadas debido a eventos ocasionais. Estes serán comunicados polo prestador do servizo antes da realización da reserva.

V.- Tamén poden darse outras variacións nas condicións e prezos, que respondan a motivos alleos ao prestador, tales como a variación do IVE e outros.

VI.- A reserva de servizos está suxeita a dispoñibilidade de prazas e ás condicións particulares indicadas por cada prestador, tales como a esixencia dun mínimo de participantes.

## **5. SERVICIOS TURÍSTICOS**

Os servizos turísticos son a base da oferta do programa “Vigo Hospitality”. Só capta oferta que poida ser consumida en tramos inferiores a unha xornada e que se desenvolvan no termo municipal e na Ría de Vigo ou no espazo aéreo.

O obxecto da guía non son as empresas, se non os servizos que prestan: unha mesma empresa pode estar a ofertar varios produtos ou servizos e resultar de interese para “Vigo Hospitality” só un deles, ou todos.

Un dos trazos mais interesantes deste programa é que, amais de organizar nun catálogo toda a oferta de servizos da cidade, incorpora oferta que tradicionalmente era inexistente no sistema turístico da cidade: spas urbáns, perruquerías e centros de estética, ximnasios, cines, auditorio, etc que manteñen demanada dun tipo de visitantes: cruceiros, negocios, etc.

A relación de servizos susceptibles de ser incorporados ao programa é a seguinte:

### **-Restauración.**

Temos que insistir en que este programa debe concibirse dende a perspectiva de servizo ao visitante e para un segmento de certa capacidade de gasto.

Os criterios de selección son:

-Dous ou mais garfos.

-Recoñecementos: estrela Michelin, sol Repsol, ou premio gastronómico de diferentes ámbitos.

-Estar situado nas Illas Cíes.

-Nova cociña: pertenza a algún tipo de colectivo ou grupo gastronómico que reforce a idea. (grupo nove, por exemplo)

A incorporación de restaurantes a “Vigo Hospitality” se faría nas seguintes categorías:

-Nova cociña.

-Cociña de produto.

Dependendo do catálogo final de servizos captados, esta clasificación pode subdividirse en máis temáticas.

**-Cruceiros e liñas regulares de Ría.**

En principio son susceptibles de ser captados todos os servizos prestados por todas as navieiras na ría de Vigo clasificados en catro categorías:

- Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas.
- Cangas.
- Moaña.
- Excursións.

**-Chárter náutico.**

Dentro dos servizos de chárter náutico o programa debe centrarse naqueles que poidan ser utilizados polo menor número de persoas, aínda que sen prexuízo de incorporar oferta dirixida a pequenos grupos.

**-Rutas e visitas guiadas.**

Ofertas de rutas pola cidade de Vigo, a pe ou en vehículo. O bus turístico; Taxi Tour... Priorízanse especialmente as rutas temáticas: literaria, industrial, mariñeiro, arquitectura, etc.

**-Alugueres varios.**

Nesta categoría contemplamos a oferta de todos os bens, equipos e vehículos terrestres que poden ser alugados na cidade: coches, motocarros, segway, bicicletas, bicieléctricas, etc.

**-Turismo activo.**

A oferta de turismo activo na cidade céntrase nas actividades acuáticas, e nas realizadas nos montes de Vigo.

**-Ximnacios.**

Pola versatilidade de horarios e actividades necesaria só son compatibles co programa aqueles cun modelo de servizo tipo clube.

**-Spas urbanos, perruquerías e centros de estética.**

Servizos consumibles por cruceristas, turistas de negocios ou acompañantes en congresos e incentivos.

**-Arte e creatividade:** galerías, tendas de arte e antigüedades...

**-Outros.**

Este catálogo non ten carácter restritivo. Como principio xeral podemos establecer que toda actividade ou servizo que poida ser consumido polos nosos visitantes e turistas, poderá incorporarse a "Vigo Hospitality".

**6.- FUNCIONAMIENTO.**

A guía "Vigo Hospitality" é unha ferramenta que o Concello de Vigo pon ao alcance do sector profesional, principalmente o sector hostelero, e tamén dos usuarios turísticos, a fin de dar a coñecer, dun modo cómodo e áxil, os servizos turísticos que presta a cidade de Vigo.

Por isto a guía "Vigo Hospitality" se edita tanto en versión impresa como en versión dixital, [www.turismodevigo.org](http://www.turismodevigo.org).

O prazo de vixencia da guía será de un ano prorrogable coa renovación da edición da guía "Vigo Hospitality". (novembro/novembro)

## **7.- METODOLOXÍA E CONTROL DE CALIDADE.**

*Durante a vixencia de guía e perante a execución dos traballos, o Concello de Vigo poderá establecer o control e inspección das calidade sobre la actividade desenvolvida e os produtos ofertados, todo iso sen menoscabo das competencias de inspección doutros ámbitos da administración.*

### **ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “VIGO HOSPITALITY”**

D/ña \_\_\_\_\_  
con NIF \_\_\_\_\_ representante legal da empresa/servizo con  
razón social \_\_\_\_\_  
con NIF \_\_\_\_\_, sede social en \_\_\_\_\_  
e punto de atención ao público ou prestación do servizo  
en \_\_\_\_\_

#### **DECLARA RESPONSABLEMENTE**

- 1.- *Que é coñecedor e acepta expresamente as bases reguladoras do programa “Vigo Hospitality” e desexa incorporarse ao mesmo como prestador de servizos.*
- 2.-*Que se compromete a promover a cidade de Vigo como destino turístico, fomentando a creación dunha imaxe turística da cidade, baixo o principio de lealtade na prescrición de destino.*
- 3.-*Que a persoa física firmante da presente solicitude é representante legal do solicitante e que posee facultades para elo*
- 4.-*Que a persoa física ou xurídica solicitante está en condicións de prestar a actividade e que está o corrente nas súas obrigacións tributarias con calquera administración pública e coa Seguridade Social.*
- 5.-*Que a persoa física ou xurídica solicitante posee licencia para a actividade que desenvolve, que está se atopa vixente e non revocada o anulada e que cumpre a actividade de acordo co establecido no título de licencia de actividade.*
- 6.-*Que a persoa física ou xurídica solicitante está en poder das titulacións e demais requisitos establecidos pola normativa sectorial, no seu caso, para o exercicio da súa actividade.*
- 7.-*Que a persoa física e xurídica solicitante ten suscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos, especialmente as persoas usuarias dos servizos prestados, que poidan orixinarse como consecuencia do desenvolvemento da actividade do servizo.*

Achegase copia do CIF \_\_\_\_

Vigo, a \_\_de\_\_\_\_\_de 20\_\_



## **MODELO DE ANUNCIO DAS BASES REGULADORA DA CONVOCATORIA E EXECUCIÓN DO PROGRAMA "VIGO HOSPITALITY"**

ANUNCIO DE CONVOCATORIA 2016 PARA O PROGRAMA "VIGO HOSPITALITY" DE PRESCRIPCIÓN DE SERVIZOS E ACTIVIDADES NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

*É competencia municipal o fomento do destino turístico de Vigo e a promoción dos produtos turísticos locais.*

*Establécese a tal fin o programa "Vigo Hospitality" e a edición dun catálogo de servizos e de actividades de calidade que se ofrezan en Vigo.*

*A elaboración do catálogo para o ano 2016 e a selección dos prestadores de servizos que vaian a integrar o programa "Vigo Hospitality", realizárase en base a unha serie de criterios, recollidos nas bases do programa, que están dispoñibles no perfil do contratante do sitio Web do Concello de Vigo.*

*Todos os interesados en adherirse ao programa deberán dirixir a súa solicitude xunto coa declaración responsable segundo o modelo que se pode descargar no perfil do contratante do sitio web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no Rexistro Xeral ou en calquera dos lugares establecidos no art 38.4 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, antes do ano 2016."*

### **28(699).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NOS ESPAZOS DE CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 4421/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 06/05/15 e de fiscalización do 15/05/15, dáse conta do informe-proposta do 04/06/15, da xefa do servizo de Xuventude conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

*"A Concellería de Xuventude iniciou no ano 1990 a actividade de Ludotecas, ubicadas na Casa da Xuventude e no Pavillón de Coia. Estes espazos estaban nese momento concebido como lugares onde se puñan a disposición dos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos unha serie de xogos e xoguetes, sendo o xogo a actividade principal e através del o desenrolo dunha serie de aptitudes ( cognitivas, sensoriales, de pensamento lóxico, etc). Neste momento en Galicia non existían equipamentos destas características, sendo as referencias no territorio nacional as cidades de Barcelona e Madrid.*

*Na actualidade nestes espazos desenvólvense unha serie de actividades relacionadas co tempo libre como poden ser: obradoiros de todo tipo ( pintura, manualidades, cociña, reciclado), excursións, saídas á natureza, participación en concursos ( comparsas, Nadal, festa da Reconquista) actividades de repaso escolar, etc, deixando a un lado os xogos e xoguetes.*

*Así estes espazos cumpren a clara función de conciliación da vida familiar e laboral, tratando de ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas dunha maneira sana, afantándoos do mundo das consolas e a televisión, á vez que se facilita aos pais e nais que traballan un lugar onde os seus fillos e fillas, son atendidos por persoal cualificado ( monitores de ocio e tempo libre) de xeito que poidan acudir e permanecer neles de luns a venres en horario de 16:30 a 20:30 h e de 8:00 a 16:00 h en vacacións escolares.*

*A Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, obtivo a adxudicación do contrato de xestión con efectos do 15 de maio de 2008 , finalizando a xestión do servizo o día 16 de maio de 2012.*

*O día 10 de maio do ano 2012 a Concelleira Delegada, resolve autorizar a tramitación dun expediente de contrato menor para a continuidade na prestación do servizo dende o 16 de maio ata o 31 de xullo.*

*Con data 24 de xullo dese mesmo ano a Concellería Delegada, resolve autorizar a continuidade na prestación do servizo de Ludotecas a nome de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, ata a resolución do novo contrato de adxudicación.*

*O 25 de xaneiro de 2013 recíbese escrito da Xunta de Galicia onde nos informan de que teñen constancia da existencia de dúas Ludotecas e que é necesario dispor de autorizacións de creación e de inicio de actividade. Mentras o expediente de contratación de Ludotecas segue o seu curso, establecemos contacto coa unidade de Inspección de Servicios Sociais da Xunta de Galicia para normalizar a prestación dunha actividade nacida con anterioridade ao regulamento de 2003.*

*Dado que as actividades que se desenvolven nestes espazos cambiaron sustancialmente, posto que a súa relación directa co xogo e xoguete xa non se da, e tendo en conta que no escrito remitido pola Xunta de Galicia indican que “ si os centros que teñen en funcionamento non se axustan á definición legal de Ludotecas que establece o decreto DOG nº 187 do 26 de decembro, procede modificar a denominación de ditos centros”, esta Concellería de Xuventude propón o cambio de denominación de ludotecas por Espazos de Ocio e Tempo Libre, para o cal deixará sen efecto o expediente de contratación 3731/336 de contrato maior para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15 de marzo 2013 e continuará coa tramitación xa iniciada, do expediente de xestión dun programa de dinamización xuvenil ( expediente 4156/336) a desenvolver nos espazos adicados ao Ocio e Tempo Libre da Casa da Xuventude e do Pavillón de Deportes de Coia.*

*Ante a necesidade de dispoñer dun certificado de seguridade e salubridade das instalacións requerido pola Xunta de Galicia, solicitouse o mesmo á Xerencia de Urbanismo, así como ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.Unha vez obtidos ditos certificados remitíronse á Xunta de Galicia.*

*Por todos estes motivos e seguindo as recomendacións de Asesoría Xurídica, a licitación do novo contrato non foi publicada (3731/336), estando pendente ata ter o VºBº da Xunta de Galicia ás instalacións unha vez reformadas.*

*Ante a imposibilidade de reformar as instalacións conforme as exixencias da Xunta de Galicia, e dada a posibilidade que esta ofrecía de proceder a un cambio de denominación de actividade, posto que se ben nun principio era o xogo e o xoguete e todas as actividades relacionadas con estes o que maior peso tiña nestos servizos, a día de hoxe constituen uns centros de tempo libre cuxo obxectivo principal é a conciliación da vida familiar e laboral, procédese a cambiar a denominación dos centros.*

*Así a XLG en sesión do 04/04/2014 acorda solicitar á Xunta de Galicia o arquivo dos expedientes iniciados por desenvolver actividades distintas e proceder ao cambio de denominación de Ludotecas por Espazos de Tempo Libre.*

*Con data 16 de abril de 2015 asinouse o contrato do Programa de Dinamización Infantil coa empresa Clece S.L.*

*Por todo elo Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 que continuou prestando o servizo ata o día 15 de abril e presenta con data 14 de abril de 2015 a factura nº 26 serie C00 tipo FC clase OO por importe total de 13.718,29 €, e con data 17 de abril de 2015 a factura nº 27 serie C00 tipo FC clase OO por importe total de 6.859,15 € en concepto de prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de marzo e primeira quincena abril de 2015.*

*Polo exposto, solicítase a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núm. 26 e 27 que se achegan no expediente, con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015.*

*Esta unidade xestora solicita á Oficina de Intervención municipal a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núm. 26 e 27 que se achegan no expediente con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015. A Intervención Xeral informa favorablemente á solicitude de convalidación de gasto.*

*Por todo o exposto, e vistos os previos e preceptivos informes: xurídico de data 06/05/2015 e de fiscalización de data 15/05/2015, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*"1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número 26 e 27 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 20.577,44 € en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de marzo e primeira quincena abril de 2015 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015.*

*2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 20.577,44 €, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de marzo e primeira quincena abril de 2015, partida 33702279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015".*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **29(700).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.